

# PLAN ESTRATÉGICO DE COOPERACIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL, 2007-2103

11 DE ABRIL DE 2007



## ÍNDICE

<b>1. Marco normativo de referencia .....</b>	<b>8</b>
<b>2. Dinámicas socioeconómicas e territoriais na fronteira Galicia-Norte de Portugal no terceiro período de programación.....</b>	<b>11</b>
<b>2.1. A experiencia da Iniciativa Comunitaria: INTERREG .....</b>	<b>11</b>
<b>2.2. Dinámicas socioeconómicas territoriais da fronteira Galicia-Norte de Portugal .....</b>	<b>18</b>
2.2.1. Dinámicas demográficas .....	18
2.2.2. Dinámicas de actividade e emprego .....	20
2.2.3. Dinámicas na produción, renda e produtividade .....	22
2.2.4. Dinámicas en equipamento e servizos.....	24
2.2.5. Dinámicas no ámbito das infraestruturas .....	26
2.2.6. Dinámicas da estrutura do sistema de poboación.....	27
2.2.7. Diversidade rexional.....	27
<b>2.3. Matriz DAFO.....</b>	<b>29</b>
<b>3. Zonas subvencionables no Plan Estratégico de Cooperación Galicia-Norte de Portugal .....</b>	<b>30</b>
<b>4. Estratexia do Plan Estratégico de Cooperación Galicia-Norte de Portugal .....</b>	<b>32</b>
<b>4.1. Obxectivos da Estratexia de Cooperación Galicia-Norte de Portugal.....</b>	<b>32</b>
<b>4.2. Prioridades estratéxicas de Cooperación Galicia-Norte de Portugal.....</b>	<b>41</b>
4.2.1. Principios.....	41
4.2.2. Prioridades .....	42
<b>5. Eixes prioritarios de actuación para o Plan de Cooperación Galicia-Norte de Portugal.....</b>	<b>47</b>
<b>5.1. Eixe 1. Fomento da competitividade e promoción do emprego. 50</b>	<b>50</b>
<b>5.2. Eixe 2. Medio natural, patrimonio e prevención de riscos .....</b>	<b>52</b>
<b>5.3. Eixe 3. Ordenación do territorio e accesibilidade. ....</b>	<b>53</b>
<b>5.4. Eixe 4. Integración socioeconómica e institucional.....</b>	<b>55</b>
<b>5.5. Eixe 5. Asistencia técnica.....</b>	<b>56</b>

<b>6. Plan de financiamento .....</b>	<b>57</b>
<b>6.1. Senda financeira anualizada .....</b>	<b>58</b>
<b>6.2. Distribución por eixes prioritarios e fontes de financiamento... 58</b>	
<b>7. Galicia-Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial (GNP-AECT). .....</b>	<b>58</b>

## ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Eixes e medidas do Subprograma 1. Galicia-Norte de Portugal. ...	13
Táboa 2. Plan financeiro do Subprograma 1 Galicia-Norte de Portugal, 2000-2006 por eixes e medidas. ....	15
Táboa 3. Convocatorias do Subprograma 1 Galicia-Norte de Portugal: Número de proxectos aprobados e axuda FEDER. Período 2000-06.....	16
Táboa 4. Grao de execución dos proxectos.....	17
Táboa 5. Dinámicas demográficas: cadro resumo .....	19
Táboa 6. Distribución da poboación empregada por rama de actividade 2001 .....	21
Táboa 7. Dinámicas de actividade e emprego: cadro resumo. ....	21
Táboa 8. Dinámicas de produción, renda e produtividade. ....	23
Táboa 9. Dinámicas nos equipamentos e servizos: cadro resumo .....	25
Táboa 10. Dinámicas nas infraestruturas.....	26
Táboa 11. Dinámicas de fluxos migratorios .....	27
Táboa 12. <i>Árbore de obxectivos da Estratexia de Cooperación Galicia-Norte de Portugal 2007 - 2013</i> .....	36
Táboa 13. Correspondencia entre a árbore de obxectivos da Estratexia de Cooperación Galicia-Norte de Portugal e as directrices estratéxicas comunitarias.....	39
Táboa 14. Adecuación dos obxectivos intermedios, finais e eixes prioritarios do Plan Estratégico de Cooperación de Galicia-Norte de Portugal, 2007-2013.....	47
Táboa 15. Plan financeiro do Plan Estratégico de Cooperación Transfronteiriza de Galicia-Norte de Portugal por anos: España + Portugal.	58
Táboa 16. Plan financeiro do Plan Estratégico de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal por eixes prioritarios .....	58

## ÍNDICE DE MAPAS

Mapa 1. Diversidade rexional.....	27
Mapa 2. NUTS III que integran a Cooperación Galicia-Norte de Portugal ...	32

## ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1. Número de proxectos aprobados por convocatoria do PIC INTERREG IIIA. Galicia-Norte de Portugal. ....	17
Gráfico 2. Nivel de execución dos proxectos. ....	18



## INTRODUCCIÓN

O Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) Nº 1260/1999, establece que a política de cohesión debe contribuír a incrementar o crecemento, a competitividade e o emprego, para o cal ha de incorporar as prioridades comunitarias en materia de desenvolvemento sustentable segundo o especificado nos Consellos de Lisboa e Goteburgo. Neste sentido, a ampliación da Comunidade Europea acentuou as diferenzas económicas, sociais e territoriais, tanto das rexións coma dos Estados membros, sendo necesario incrementar as actuacións a favor da converxencia.

Así, no período de programación 2007-2013, os Fondos que facilitarán axuda no marco da política de cohesión limítanse ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao Fondo Social Europeo (FSE) e ao Fondo de Cohesión. Desta maneira, os instrumentos de axuda ao desenvolvemento rural, Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), e ao sector pesqueiro, Fondo Europeo da Pesca (FEP), deben integrarse como instrumentos de xestión de recursos naturais e coordinarse cos instrumentos da política de cohesión.

Co fin de aumentar o valor engadido da política de cohesión da Comunidade, a intervención dos fondos estruturais e de cohesión debe concentrarse e simplificarse, polo que se volven definir os obxectivos establecidos no Regulamento (CE) Nº 1260/1999 como a busca da converxencia entre os Estados membros, a competitividade rexional e o emprego e a cooperación territorial europea. Para isto defínense tres obxectivos: Obxectivo “Converxencia”, Obxectivo “Competitividade rexional e emprego” e **Obxectivo de “Cooperación territorial europea”**.

O desafío deste obxectivo de cooperación territorial europea, inspirado na experiencia da Iniciativa Comunitaria INTERREG, céntrase en intensificar a cooperación a tres niveis: a “Cooperación transfronteiriza” a través de programas operativos conxuntos; a “Cooperación a escala de zonas transnacionais e redes de cooperación” e “Cooperación mediante o

*Intercambio de experiencias*” no conxunto da Unión Europea. Deste modo este obxectivo pretende favorecer un desenvolvemento equilibrado harmonioso e sustentable do territorio europeo.

En Galicia, a *Estratexia de Cooperación especificamente interrexional* definida nos *programas operativos de Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional* (FEDER) e *Fondo Social Europeo* (FSE), encontra a súa complementariedade e impulso no **Plan Estratégico de Cooperación Transfronteiriza de Galicia-Norte de Portugal, 2007-2013**.

Conforme o artigo 6 do Regulamento xeral 1083/2006, as intervencións do FEDER dentro do obxectivo de “*Cooperación territorial europea*” concentran os seus esforzos na realización de actividades económicas, sociais e ambientais transfronteirizas, a través de estratexias comúns de desenvolvemento territorial sustentable, coa finalidade de potenciar o espírito empresarial, reforzar a protección e xestión conxunta dos recursos naturais e culturais, apoiar a conexión entre zonas urbanas e rurais, mellorar a accesibilidade e comunicación destas zonas transfronteirizas e estimular o desenvolvemento de capacidade e a utilización conxunta de infraestruturas nos sectores de sanidade, cultura, turismo, educación, etc.

Desta maneira, as intervencións do presente obxectivo de “*Cooperación transfronteiriza europea*”, cofinanciadas polo FEDER, contribúen co financiamento de investimentos á creación e ao mantemento de postos de traballo, principalmente mediante axudas directas ao investimento, prestando unha especial atención á pequena e mediana empresa; a creación de infraestruturas, así como a través de actuacións de potenciación do desenvolvemento endógeno da Área do Norte de Portugal e Galicia.

Neste sentido, o *Regulamento (CE) Nº 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, sobre a Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT)*, prevé a constitución con personalidade xurídica dunha AECT por solicitude das rexións implicadas no marco de actuación, que facilite os obstáculos existentes na materia.

A partir das *Directrices Estratégicas Comunitarias* (DEC) adoptadas polo Consello Europeo e as prioridades definidas no *Marco Estratégico de Referencia Nacional* (MERN) establecido para España no seu conxunto e polo *Quadro de Referencia Estratégico Nacional de Portugal* (QREN-P),

procede definir para Portugal Norte e Galicia a súa propia estratexia de desenvolvemento rexional para o período 2007-2013 a través do Plan Estratégico de Cooperación, que se deberá coordinar cos programas operativos de FEDER e FSE respectivos, así como co programa operativo do Fondo de Cohesión.

Os principios orientadores fixados no novo período de programación son os seguintes: concentración temática, selectividade de proxectos, sustentabilidade financeira destes, escalas mínimas de intervención e simplificación das estruturas e procedementos.

## 1. MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA

Partindo do considerando 37 do Regulamento xeral dos Fondos Estruturais<sup>1</sup> o cal establece que *“a partir das orientacións estratéxicas adoptadas polo Consello, procede que cada Estado membro elabore, de forma dialogada coa Comisión, un documento nacional de referencia sobre a súa estratexia de desenvolvemento, que servirá de marco para a preparación dos programas operativos”* e do artigo 27 do citado regulamento, que estipula que *“o Estado membro presentará un Marco Estratégico Nacional de Referencia que garanta a coherencia da intervención dos Fondos coas orientacións estratéxicas comunitarias en materia de cohesión e que indique a relación entre as prioridades comunitarias, por un lado, e o Plan nacional de reforma, por outro”*.

Cada Marco Estratégico Nacional servirá de referencia para a preparación da programación dos Fondos. Este marco nacional foi elaborado coas achegas das diferentes administracións rexionais. Particularmente, os plans de cooperación territorial europea poderán beneficiar as rexións de nivel NUTS 3 da Comunidade.

No caso de Galicia, a rexión optou pola elaboración dunha **Estratexia común rexional** que harmonice e canalice as diferentes intervencións estruturais de FEDER e FSE no territorio galego, denominada *Marco Estratégico de Convergencia Económica de Galicia 2007-2013*, en diante **MECEGA**. O obxectivo central do MECEGA é dispoñer para toda a sociedade galega dun instrumento de planificación comunitaria a medio e longo prazo no cal se definan obxectivos, estratexias e actuacións para o logro dun maior desenvolvemento económico e social, o que conducirá en definitiva a lograr a converxencia coa media nacional e da UE.

Ben que o presente Plan Estratégico de Cooperación do Galicia-Norte de Portugal debe adecuarse, non só ao marco estratéxico rexional, contribuíndo a lograr os obxectivos establecidos tanto polo MECEGA, como por **Norte 2015**, senón que súa articulación estratéxica e operativa pretende buscar as



sinerxías co definido no *Quadro de Referencia Estratégico Nacional de Portugal (QREN-P)* e no **MENR**.

Así mesmo, este Plan Estratégico de Cooperación do Galicia-Norte de Portugal é coherente e está coordinado co *Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2007-2013*.

Neste sentido, a zona transfronteiriza formada por Galicia-Norte de Portugal caracterízase, respecto ás restantes áreas que integran a fronteira España-Portugal, pola súa elevada capilaridade, mobilidade e densidade demográfica. A isto únese a existencia de lazos comúns e proximidade cultural, que permiten converter esta cooperación en **instrumento de desenvolvemento territorial fundamental**.

Porén, co fin de que este plan de cooperación se poida converter efectivamente en instrumento de desenvolvemento territorial para a eurorrexión, deben considerarse os seguintes aspectos clave:

- ✓ En primeiro lugar, a tipoloxía de proxectos de cooperación debe contribuír de maneira específica a dinamizar económica e socialmente o espazo transfronteirizo, prestando unha especial atención a aqueles proxectos dirixidos a mellorar as infraestruturas e a conexión e integración do territorio entendido como un conxunto. Isto resulta de particular interese para as áreas xeográficas de Minho-Lima e Alto Tâmega.
- ✓ En segundo lugar, é esencial que a estratexia de cooperación maximice as sinerxías existentes entre a programación de cooperación e as estratexias rexionais definidas para Galicia e Portugal no período 2007-2013. Neste sentido, a previsión dunha diminución significativa e paulatina no orzamento financeiro confirma a necesidade de incidir na complementariedade dos Fondos. Para isto, esta cooperación debe establecer obxectivos estratéxicos claros para ambas as rexións.

---

<sup>1</sup> Regulamento (CE) Nº 1083/2006, do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) n 1260/1999.

- ✓ Por último e partindo da experiencia adquirida en períodos anteriores, a programación 2007-2013 debe contribuír ao establecemento dunha cooperación institucional sólida interrexional e transfronteiriza entre ambas rexións, Galicia - Norte de Portugal. Neste sentido, a constitución dunha Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) favorecerá o lanzamento dun proceso interinstitucional que integre os logros obtidos ata o momento pola Comunidade de Traballo de Galicia-Norte de Portugal, a Uniminho e as Comunidades Territoriais de Cooperaçã do Lima, Cávado e Tâmega, a Fundação CEER ou o Eixo Atlântico.
  
- ✓ .

## **2. DINÁMICAS SOCIOECONÓMICAS E TERRITORIAIS NA FRONTEIRA GALICIA-NORTE DE PORTUGAL NO TERCEIRO PERÍODO DE PROGRAMACIÓN**

### **2.1. A EXPERIENCIA DA INICIATIVA COMUNITARIA: INTERREG**

A Iniciativa Comunitaria de INTERREG, financiada a través do FEDER, pretende superar o obstáculo que supoñen as fronteiras para a integración do territorio europeo na busca dun desenvolvemento máis equilibrado e duradeiro. A **Estratexia Territorial Europea (ETE)**, adoptada en maio de 1999 en Potsdam, consagrou esta ferramenta como pedra angular na harmonización da planificación rexional europea.

Para o período de Programación 2000-2006, INTERREG III apostou por un desenvolvemento territorial equilibrado e o reforzo da cohesión económica e social mediante o fomento da cooperación transfronteiriza (capítulo A), transnacional (capítulo B) e interrexional (capítulo C). Foi cofinanciado pola Comisión e os Estados membros, ben con fondos públicos e/ou privados. A contribución do FEDER estaba limitada ao 75% do custo total nas rexións do obxectivo nº 1 e ao 50% nas demais rexións subvencionables. O seu orzamento total ascendía a 4.875 millóns de euros, dos cales entre o 50 e o 80% foron ao capítulo A, entre o 14% e o 44% ao capítulo B e o 6% ao capítulo C.

Complementando estes tres capítulos, un máximo de 50 millóns de euros financiaron redes para a promoción do intercambio de experiencias e de mellores prácticas. Concretamente tratábase dos programas ESPON (Observatorio en rede da ordenación territorial europea) e INTERACT (INTERREG - Animación, Coordinación, Transferencia).

**Particularmente, a cooperación transfronteiriza (INTERREG III A) dirixíase ao desenvolvemento de** centros económicos e sociais transfronteirizos a partir de estratexias comúns de desenvolvemento territorial sustentable entre rexións fronteirizas veciñas, con inclusión das fronteiras exteriores e algunhas fronteiras marítimas.

Os Estados membros destinan a este capítulo polo menos o 50% da súa dotación total de INTERREG III. Para o período de programación 2000-2006, España participaba en plans con Portugal, Francia e Norte de África.

O PIC INTERREG IIIA España-Portugal foi aprobado por Decisión da Comisión C (2001) 4127, do 19 de decembro de 2001. O custo elixible do Plan ascendía a 1.132.017.200 euros, dos cales 1.075.883.200 euros eran gasto público cunha contrapartida asociada ao FEDER de 806.915.200 euros. Posteriormente, mediante a Decisión da Comisión C (2004) 5671, do 23 de decembro de 2004, a participación total do FEDER concedida quedou fixada en 823.910.103 euros, logo da aprobación do Comité de Seguimento, de acordo coa letra f) do punto 3 do artigo 35 do Regulamento (CE) nº 1260/1999. O conxunto de eixes prioritarios e obxectivos do PIC respondían a:

- ✓ Por un lado, os elementos de diagnóstico e necesidades prioritarias dos espazos de cooperación transfronteiriza.
- ✓ Por outro lado, a apropiación para o espazo transfronteirizo España-Portugal das orientacións e ámbitos prioritarios da iniciativa comunitaria, con vistas a afondar as potencialidades comúns, promover condicións para o desenvolvemento económico e contribuír ao benestar das poboacións, afondando en experiencias de cooperación anterior na integración gradual dos territorios.

Neste sentido, o PIC INTERREG IIIA España- Portugal recolle as seguintes prioridades:

- ✓ Fomento do desenvolvemento urbano, rural e costeiro transfronteirizo.
- ✓ Promoción do espírito empresarial e do desenvolvemento das PEMEs, o turismo e as iniciativas locais de desenvolvemento e de emprego.
- ✓ Fomento da creación dun mercado de traballo integrado e a inclusión social.
- ✓ Aumento da cooperación en investigación, desenvolvemento tecnolóxico, ensino, cultura, comunicación, saúde ou protección civil.

- ✓ Axuda á protección do medio natural, aumento da eficiencia enerxética e promoción das fontes de enerxía renovables.
- ✓ Mellora das infraestruturas básicas de interese transfronteirizo.
- ✓ Desenvolvemento da cooperación xurídica e administrativa.
- ✓ Incrementar a cooperación entre cidadáns e institucións

Para isto, estruturouse en cinco subprogramas rexionais: (Galicia-Norte, Castela e León-Norte, Castela e León-Centro, Extremadura-Centro-Alentejo e Andalucía/Alentejo-Algarve) cun orzamento ata 2006 en torno a 807 millóns de euros, aos que lles hai que engadir unha contribución pública nacional de arredor de 269M€ e unha participación privada próxima aos 56M€.

A área de cooperación territorial do Subprograma 1 Galicia-Norte de Portugal para o período 2000-2006 estaba formada polas zonas básicas (NUTS III) de Pontevedra, Ourense, Minho-Lima e Cávado e as zonas adxacentes ou de flexibilidade, A Coruña, Lugo, Ave, Támeiga, Douro e Grande Porto.

Este subprograma 1. Galicia-Norte de Portugal estaba constituído por catro eixes estratéxicos dirixidos a dotación de infraestruturas, valorización do patrimonio natural e cultural, desenvolvemento socioeconómico, fomento da cooperación transfronteiriza e un eixe operacional de asistencia técnica.

*Táboa 1. Eixes e medidas do subprograma 1. Galicia-Norte de Portugal.*

**Eixe estratéxico 1. Dotación de infraestruturas, ordenación e desenvolvemento rural de espazo transfronteirizo**

Medida 1.1. Infraestruturas de transporte e comunicacións de importancia transfronteiriza

Medida 1.2. Ordenación urbana e territorial e de zonas costeiras transfronteirizas

Medida 1.3. Desenvolvemento rural e transfronteirizo

**Eixe estratéxico 2. Valorización, promoción e conservación do medio natural e dos recursos patrimoniais e naturais**

Medida 2.1. Sustentabilidade ambiental, espazos naturais, recursos hídricos e xestión forestal

Medida 2.2. Sustentabilidade cultural, patrimonio histórico, etnográfico e identidade local

Medida 2.3. Eficiencia enerxética e fontes de enerxía renovables

Medida 2.4. Valorización turística do patrimonio

**Eixe estratéxico 3. Desenvolvemento socioeconómico e promoción da empregabilidade**

Medida 3.1. Promoción e desenvolvemento empresarial e da base produtiva

Medida 3.2. Desenvolvemento tecnolóxico, investigación e extensión da Sociedade da Información

Medida 3.3. Dinamización socioeconómica local, agraria e servizos

Medida 3.4. Educación, formación e empregabilidade

**Eixe estratéxico 4. Fomento da cooperación e integración social e institucional**

Medida 4.1. Cooperación e integración social, laboral e institucional

Medida 4.2. Desenvolvemento conxunto de servizos e equipamentos locais

Medida 4.3. Estruturas institucionais para a cooperación

**Eixe operacional 5. Asistencia técnica**

Medida 5.1. Gastos de xestión, execución, supervisión e control

Medida 5.2. Gastos en estudos, seminarios, accións de información e avaliacións externas

*Fonte: Elaboración propia a partir do Informe Anual de Execución do PIC España-Portugal 2005.*

Conforme o previsto no PIC España-Portugal, o plan financeiro establecido para o presente Subprograma ascendía a un total de 311.513.451 euros, dos cales os eixes estratéxicos 2, *Valorización, promoción e conservación do medio natural e dos recursos patrimoniais e naturais*, e 1, *Dotación de infraestruturas, ordenación e desenvolvemento rural do espazo transfronteirizo*, foron os de maior peso financeiro do Subprograma 1 Galicia-Norte de Portugal, con 102.940.047 e 102.550.228 euros, respectivamente.

Táboa 2. Plan financeiro do Subprograma 1 Galicia-Norte de Portugal, 2000-2006 por eixes e medidas.

INTERREG III. ESPAÑA-PORTUGAL. CADROS DE PROGRAMACIÓN FINANCEIRA 2000-2006										
PROGRAMACIÓN FINANCEIRA POR EIXES E MEDIDAS (EUROS)										
SUBPROGRAMA 1. GALICIA / NORTE. España + Portugal										
Eixe e Medida	Custo Total (1)=(2)+(3)	TOTAL PÚBLICO (2)=(4)+(5)	PARTICIPACIÓN PÚBLICA					PRIVADA (3)		
			COMUNITARIA		NACIONAL					
			TOTAL (4)	FEDER	TOTAL (5)=(6) a (9)	CENTRAL (6)	REGIONAL (7)		LOCAL (8)	OUTROS (9)
Medida 1.1	62.828.712	62.828.712	47.121.575	47.121.575	15.707.137	6.633.606	6.010.613	2.450.446	612.471	
Medida 1.2	18.385.319	18.385.319	13.788.996	13.788.996	4.596.323	3.106.784	981.325	406.590	101.624	
Medida 1.3	21.336.197	18.385.319	13.788.996	13.788.996	4.596.323	3.106.784	981.325	406.590	101.624	2.950.878
<b>Eixe 1 (1.1 a 1.3)</b>	<b>102.550.228</b>	<b>99.599.350</b>	<b>74.699.567</b>	<b>74.699.567</b>	<b>24.899.783</b>	<b>12.847.174</b>	<b>7.973.263</b>	<b>3.263.627</b>	<b>815.720</b>	<b>2.950.878</b>
Medida 2.1	71.338.824	69.329.718	51.997.306	51.997.306	17.332.412	7.180.275	6.501.383	2.607.652	1.043.102	2.009.106
Medida 2.2	19.384.022	18.963.748	14.222.819	14.222.819	4.740.929	2.750.570	1.226.677	545.481	218.201	420.274
Medida 2.3	2.430.383	2.393.514	1.795.142	1.795.142	596.372	462.311	49.067	47.853	19.142	36.868
Medida 2.4	9.786.818	9.669.688	7.252.273	7.252.273	2.417.415	1.885.641	318.935	152.026	60.813	117.130
<b>Eixe 2 (2.1 a 2.4)</b>	<b>102.940.047</b>	<b>100.356.668</b>	<b>75.267.540</b>	<b>75.267.540</b>	<b>25.089.128</b>	<b>12.298.797</b>	<b>8.096.062</b>	<b>3.353.011</b>	<b>1.341.258</b>	<b>2.583.379</b>
Medida 3.1	35.437.791	28.341.806	21.256.380	21.256.380	7.095.426	1.438.763	3.434.633	632.064	1.579.966	7.095.985
Medida 3.2	20.273.541	18.982.489	14.236.871	14.236.871	4.745.618	3.607.165	735.994	114.998	287.461	1.291.052
Medida 3.3	8.497.541	7.206.489	5.404.871	5.404.871	1.801.618	663.165	735.994	114.998	287.461	1.291.052
Medida 3.4	8.497.541	7.206.489	5.404.871	5.404.871	1.801.618	663.165	735.994	114.998	287.461	1.291.052
<b>Eixe 3 (3.1 a 3.4)</b>	<b>72.706.414</b>	<b>61.737.273</b>	<b>46.302.993</b>	<b>46.302.993</b>	<b>15.434.280</b>	<b>6.372.257</b>	<b>5.642.615</b>	<b>977.059</b>	<b>2.442.349</b>	<b>10.969.141</b>
Medida 4.1	12.422.791	12.422.791	9.328.251	9.328.251	3.094.540	1.672.868	981.278	113.804	326.590	
Medida 4.2	8.251.751	8.251.751	6.177.731	6.177.731	2.074.020	973.078	735.958	87.541	277.443	
Medida 4.3	4.552.487	4.552.487	3.414.375	3.414.375	1.138.112	892.792	245.320	0	0	
<b>Eixe 4 (4.1 a 4.3)</b>	<b>25.227.029</b>	<b>25.227.029</b>	<b>18.920.357</b>	<b>18.920.357</b>	<b>6.306.672</b>	<b>3.538.738</b>	<b>1.962.556</b>	<b>201.345</b>	<b>604.033</b>	<b>0</b>
Medida 5.1	5.233.179	5.233.179	3.924.871	3.924.871	1.308.308	98.133	429.309	390.433	390.433	
Medida 5.2	2.856.554	2.856.554	2.142.424	2.142.424	714.130	24.533	429.309	130.144	130.144	
<b>Eixe 5 (5.1 a 5.2)</b>	<b>8.089.733</b>	<b>8.089.733</b>	<b>6.067.295</b>	<b>6.067.295</b>	<b>2.022.438</b>	<b>122.666</b>	<b>858.618</b>	<b>520.577</b>	<b>520.577</b>	<b>0</b>
<b>Total (Eixes 1 a 5)</b>	<b>311.513.451</b>	<b>295.010.053</b>	<b>221.257.752</b>	<b>221.257.752</b>	<b>73.752.301</b>	<b>35.179.632</b>	<b>24.533.114</b>	<b>8.315.619</b>	<b>5.723.936</b>	<b>16.503.398</b>

Nota: a columna central inclúe a participación das columnas Local e Outros, no que respecta ás achegas de España

Fonte: PIC INTERREG IIIA España-Portugal

En todas as áreas prioritarias do Subprograma Galicia-Norte de Portugal a demanda solicitada, tanto de proxectos como de financiamento, superou amplamente as dispoñibilidades financeiras establecidas para o período. A nivel global, no presente Subprograma resolvéronse tres convocatorias para os anos 2003, 2004 e 2005, cofinanciando un total de 149 proxectos, dos cales 50 eran do eixe estratéxico 2 dirixido á Valorización, promoción e conservación do medio natural e os recursos naturais, que acadou un orzamento de arredor de 100M€:

- ✓ Eixe estratéxico 1. *Dotación de infraestruturas, ordenación e desenvolvemento rural de espazo transfronteirizo*, no cal se aprobaron un total de 25 proxectos, cun cofinanciamento de 70.956.782 euros de FEDER.
- ✓ Eixe estratéxico 2. *Valorización, promoción e conservación do medio natural e dos recursos patrimoniais e naturais*, para o que se aprobaron un total de 50 proxectos, que recibiron 99.517.692 euros de FEDER.

- ✓ Eixe estratéxico 3. *Desenvolvemento socioeconómico e promoción da empregabilidade*, no que se asignaron 53.644.758 euros de FEDER distribuídos entre 43 proxectos.
- ✓ Eixe estratéxico 4. *Fomento da cooperación e integración social e institucional*, onde se aprobaron 31 proxectos que recibiron un total de 16.935.304 euros

*Táboa 3. Convocatorias do Subprograma 1 Galicia-Norte de Portugal: Número de proxectos aprobados e axuda FEDER. Período 2000-06.*


	1ª convocatoria		2ª convocatoria		3ª convocatoria		total	
	21 DE ABRIL DE 2003		20 DE XULLO 2004		15 DECEMBRO DE 2005			
<b>Eixes</b>	<b>Nº</b>	<b>FEDER</b>	<b>nº</b>	<b>FEDER</b>	<b>nº</b>	<b>FEDER</b>	<b>nº</b>	<b>FEDER</b>
TOTAL	9	34.680.988	8	18.348.128	8	17.927.666	25	70.956.782
Eixe 1								
TOTAL	19	43.868.543	18	45.644.452	13	10.004.697	50	99.517.692
Eixe 2								
TOTAL	16	25.119.749	13	14.031.442	14	14.493.567	43	53.644.758
Eixe 3								
TOTAL	13	9.384.642	10	3.660.819	8	3.889.843	31	16.935.304
Eixe 4								
<b>TOTAL</b>	<b>57</b>	<b>113.053.922</b>	<b>49</b>	<b>81.684.841</b>	<b>43</b>	<b>46.315.773</b>	<b>149</b>	<b>241.054.536</b>

*Fonte: Elaboración propia.*

Durante o ano 2005, a maior parte dos proxectos aprobados pola primeira convocatoria do Subprograma foi finalizando o seu período de execución e elaborando o informe final, conforme o modelo establecido no PIC España-Portugal



Gráfico 1. Número de proxectos aprobados por Convocatoria do PIC INTERREG IIIA. Galicia-Norte de Portugal.



Fonte: Elaboración propia.


Os impactos conseguidos polo Subprograma pónense de manifesto a través do grao de consecución dos indicadores establecidos a decembro do ano 2005. Neste sentido, da totalidade de proxectos aprobados nas diferentes convocatorias, 39 acadaron un nivel de execución superior ao 90%; pola contra, 71 proxectos, na súa maioría proxectos resoltos na convocatoria de 2005, presentan un grao de execución inferior ao 50%.

Táboa 4. Grao de execución dos proxectos

Nivel de execución	nº proxectos	TOTAL	CERTIFICADO	PENDENTE	% CERTIFICADO/TOTAL
>90%	39	96.745.453	92.894.609	3.850.843	96%
75<nº<89	19	54.764.605	46.097.495	8.667.110	84%
50<nº<74	11	24.059.969	14.473.045	9.586.924	60%
50>nº	71	131.948.171	19.279.045	112.669.126	15%
<b>Total</b>	<b>140</b>	<b>307.518.198</b>	<b>172.744.194</b>	<b>134.774.004</b>	<b>56%</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do Informe Anual de Execución 2005.

Gráfico 2. Nivel de ejecución dos proxectos.



Fonte: Elaboración propia a partir do Informe Anual de Execución do 2005.

## 2.2. DINÁMICAS SOCIOECONÓMICAS TERRITORIAIS DA FRONTEIRA GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

### 2.2.1. Dinámicas demográficas

Fronte á expansión demográfica tanto de España como de Portugal, e incluso do norte de Portugal entre 1991 e 2001 (5,1%, 5% e 6,2%), Galicia e, sobre todo, a área fronteiriza entre ambos os países, rexistran un retroceso poboacional (-1,3% e -2,4% respectivamente). Esta perda de poboación explícase, por un lado, polos fluxos migratorios internos cara a outros municipios a causa de procesos de urbanización e, por outro, polo envellecemento da poboación, este último común tanto a Galicia como a Portugal.

Como consecuencia do anterior, a fronteira galego-portuguesa perde peso específico, de forma que se en 1991 concentraba o 11,8% da poboación residente na Eurorrexión Galicia-Portugal, en 2001 acolle a un 11,2%. Así mesmo, a densidade poboacional fronteiriza é pouco máis da metade da da Eurorrexión, e oscila entre os 1,6 hab./Km<sup>2</sup> de Vilarinho de Conso e os 491,8 de Ourense (Val de Limia).

Os territorios con maior potencial demográfico sitúanse no Val de Limia, que non só presentan crecemento demográfico (1,3% entre 1991 e 2001), sobre todo, na parte do norte de Portugal (2,4%), senón que ademais mostran unha elevada densidade poboacional (109,8 hab./km<sup>2</sup> en 2001, que ascende a 134,5 na parte portuguesa). Pola contra, as referencias espaciais máis regresivas prodúcense no Val do Miño e especialmente o do Támeqa, que combinan retrocesos demográficos do -4,5% e -7,1% respectivamente, cunha menor densidade poboacional (88 e 28 hab./km<sup>2</sup>) e un notable envellecemento da poboación (23% e 25,1% da poboación maior de 65 anos fronte ao 21% de Galicia, o 14% do norte de Portugal e o 17% da Eurorrexión).

Outro factor demográfico que caracteriza a área fronteiriza galego-portuguesa é o menor nivel de formación da poboación fronte á Eurorrexión, que se intensifica tanto no norte de Galicia como en Portugal. Así, en 2001 un 8% da poboación en idade activa residente na zona fronteiriza, non sabía ler nin escribir fronte a unha taxa de analfabetismo do 5,9% da Eurorrexión. Destacan negativamente o norte de Portugal (8,9%) e o Val de Támeqa (14,5%). Esta situación reproducese no que respecta ao ensino obrigatorio e estudos universitarios.

*Táboa 5. Dinámicas demográficas: cadro resumo*

Variable / Indicador		Tendencias na fronteira
Poboación residente		Retroceso poboacional (-2,4% en 1991-2001 fronte a un crecemento do 5,1% en España) e perda de peso demográfico. A densidade da poboación é menor á do espazo ibérico (65,7 hab./km <sup>2</sup> fronte a 80,7).
Envellecemento da poboación		Poboación cada vez máis envellecida- en 2001 o 22,5% da poboación tiña máis de 65 anos, cando en España a terceira idade representa un 17%-.
Nivel de escolaridade		25,9% da poboación sen cualificación académica ningunha (España, un 15,3%)
Dinámica regresiva na fronteira en relación	Dinámica media na fronteira en relación	Dinámica progresiva na fronteira en

coa Península Ibérica	coa Península Ibérica	relación coa Península Ibérica
-----------------------	-----------------------	--------------------------------

### 2.2.2. Dinámicas de actividade e emprego

A área fronteiriza galego-portuguesa presenta unha taxa de actividade notablemente inferior (47,1%), tanto á da Eurorrexión (55%), como ás medias lusa (57,4%) e española (55,6%), o que revela un desequilibrio na distribución territorial da poboación activa, tendo en conta que o territorio baixo estudo representa un 21,4% da superficie da Eurorrexión.

Na fronteira había en 2001 unha poboación ocupada de 259.185 persoas, un 9,6% dos ocupados da Eurorrexión, porcentaxe inferior á súa cota poboacional a causa da súa menor taxa de actividade. E aínda que a poboación ocupada aumentou nos territorios transfronteirizos un 2,4% en 1991-2001, fundamentalmente grazas á incorporación ao mercado laboral da poboación feminina, con maior nivel de estudos e de idades comprendidas entre os 25-44 anos, fíxoo moi por debaixo do dinamismo presentado tanto pola Eurorrexión (12,1%), como por Portugal (12,6%) e, sobre todo, España (30,8%). Isto débese á forte redución da poboación ocupada nos municipios portugueses do val do Támega e do Miño, mentres que a parte española dos vales de Miño e Limia presenta un comportamento particularmente positivo.

Con todo, a pesar do crecemento da poboación ocupada, existían en 2001 30.065 desempregados, un 11,3% dos existentes na Eurorrexión, o que indica que a área transfronteiriza concentra máis parados que ocupados. A taxa de paro ascende, deste modo, a un 10,4%, superior á da Eurorrexión (9%) e a de Portugal (6,8%), pero inferior á española (14,2%), cunha maior incidencia nos territorios galegos e nos municipios interiores de ambos os países e particularmente no val de Támega (11,6%), tanto na parte galega como na portuguesa. Así mesmo, o desemprego aumentou un 1,5% no período 1991-2001 fundamentalmente a causa da parte portuguesa do territorio.

En canto á estrutura económica do emprego, trátase de territorios nos cales, aínda que predomina o emprego en servizos (54,4% dos ocupados en 2001), seguido do sector secundario, a porcentaxe de ocupados en agricultura, silvicultura e pesca (10,3%), así como en construción (15,7%) supera tanto a da Eurorrexión, como a España e Portugal. Destaca sobre

todo o dinamismo do sector da construción, relacionado tanto coa dotación de infraestruturas, como coa edificación residencial. Así mesmo, o emprego industrial ten na área transfronteiriza maior representatividade que en España (19,5%).

*Táboa 6. Distribución da poboación empregada por rama de actividade 2001*

	Primario	Secundario		Terciario
		Industria	Construción	
Área transfronteiriza	10,3	19,5	15,7	54,4
Eurorrexión	7,2	27,4	12,7	52,7
España	6,3	18,4	11,7	63,6
Portugal	4,9	22,8	12,3	59,9

Fonte: INE, Censo de poboación e vivenda, 2001 e INE, Recenseamentos da População, 2001

En canto ás especializacións máis notables, destacan as seguintes:

- *Sector primario:* o peso ocupacional desta rama de actividade é particularmente elevado no val do Támega (tanto portugués como galego, 20,7% e 12,5% respectivamente), así como na parte portuguesa do val do Miño (12,3% do emprego existente).
- *Sector secundario:* destaca a dedicación do emprego no sector da construción na parte portuguesa do Val de Limia (19,4%), así como na galega do val de Támega (18,1%), mentres que en industria debemos referirnos aos municipios galegos do val de Miño (25,9%) e aos portugueses do Val de Limia (24,2%).
- *Sector terciario:* sobresaee a dedicación do emprego a esta rama de actividade na parte galega do Val de Limia (68,4%), debido á presenza de Ourense.

*Táboa 7. Dinámicas de actividade e emprego: cadro resumo.*

Variable / Indicador	Tendencias na fronteira
Taxa de actividade	A pesar da crecente incorporación da muller ao mercado de traballo, taxas de actividade inferior en 8,5

	puntos porcentuais á de España.	
Volume de emprego	Emprego crece pero a un ritmo moi inferior ao ibérico.	
Desemprego	Taxa de paro inferior á ibérica, ben que concentra unha maior porcentaxe de parados que de ocupados.	
Motores de emprego	Dinamismo do sector da construción, o emprego terciario en centros urbanos e cultivos agrícolas de temporada.	
Dinámica regresiva na fronteira en relación coa Península Ibérica	Dinámica media na fronteira en relación coa Península Ibérica	Dinámica progresiva na fronteira en relación coa Península Ibérica

### 2.2.3. Dinámicas na produción, renda e produtividade

Fronte ao dinamismo que con carácter xeral presenta o espazo fronteirizo español e portugués, a área de fronteira Galicia-Norte Portugal continúa sendo en termos produtivos un espazo de desenvolvemento económico limitado. Neste sentido, os municipios de Cávado, e Alto Tras os Montes son as NUTs III coas menores taxas de crecemento do PIB.

Para a análise dos sectores produtivos tívose en conta a estrutura do tecido empresarial. En 2002 había radicadas na zona de Norte de Portugal-Galicia 486.000 empresas. Destas, un 10,3%, 49.970 empresas, están situadas na zona fronteiriza.

En termos xerais a produción da zona fronteiriza posúe un compoñente algo menos terciario que o da Eurorrexión. Nese sentido, convén resaltar que o tecido produtivo galego e español é algo máis terciario e cun menor peso do sector da construción e a industria que o portugués.

Por vales, obsérvase que o perfil máis terciario radica no Val de Támega (76,5%) mentres que o Val de Lima posúe maior peso empresarial do sector da construción. O Val do Miño conta coa maior porcentaxe de empresas industriais (11,9%).

O nivel de renda medida en PIB cápita revela que, a pesar de se ter producido un lixeiro proceso de converxencia, o espazo fronteirizo Norte Portugal-Galicia continua sendo periférico no contexto produtivo ibérico

considerado no seu conxunto. Pese a todo, o mellor comportamento foi o experimentado polas provincias de Ourense e Pontevedra. En sentido contrario, destaca o comportamento da NUT Alto Tras os Montes co nivel de renda máis baixo.

Se se ten en conta o tamaño das empresas, apréciase que das case cincuenta mil empresas, só 233 son empresas medianas e grandes, é dicir, un 0,5%. Así, de forma algo máis intensa que na Eurorrexión, o tecido produtivo da zona de fronteira está constituído por micropemes. Por vales, o que conta cunha maior porcentaxe de microempresas é o de Támega cun 97,5% (fronte a un 94% de media da Eurorrexión).

Pola súa parte, o sector primario da fronteira norte de Portugal con Galicia está formado por 94.535 empresas, especialmente concentradas no Val do Miño (43%), o Val de Támega (28,3%) e Val de Lima (28,4%). Un 10% destas carece de superficie agrícola utilizada e só 1,5% de todas as explotacións agrícolas fronteirizas dispoñen dunha superficie igual ou superior ás 20 hectáreas. A maioría das explotacións agrarias fronteirizas, case un 80% delas, dispón dunha superficie de entre 0,1 e 5 hectáreas, o que supón un condicionante aos modelos de explotación agraria potenciais en termos de rendibilidade, produtividade e competitividade do sector.

Os tímidos avances no proceso de converxencia convértense nun fito se temos en conta as tendencias históricas que acompañaron a análise macroeconómica deste espazo en termos de produción, renda e produtividade

A mellora dos niveis de produción na fronteira baseouse nos seguintes motores de impulsión:

- ✓ Crecemento das obras públicas nas provincias de Ourense e Pontevedra.
- ✓ Desenvolvemento dos servizos urbanos de Ourense e Pontevedra.

*Táboa 8. Dinámicas de produción, renda e produtividade.*

Variable / Indicador	Tendencias na fronteira
Crecemento do PIB	Leve tendencia á converxencia con persistencia de índices de crecemento por debaixo do peso

	poboacional.	
Renda por habitante	Leve tendencia á converxencia en desigual grao, máis favorable ás provincias españolas.	
Produtividade (PIB por activo)	Leve tendencia á converxencia con grao desigual, máis favorable ás provincias españolas.	
Motores de impulsión	Crecemento das obras públicas, desenvolvemento do turismo e dos servizos en centros urbanos.	
Dinámica regresiva na fronteira en relación coa Península Ibérica	Dinámica media na fronteira en relación coa Península Ibérica	Dinámica progresiva na fronteira en relación coa Península Ibérica

#### 2.2.4. Dinámicas en equipamento e servizos

Constátanse tendencias á infradotación das zonas de fronteira en relación cos equipos e servizos de saúde como consecuencia do seu carácter periférico.

En termos xerais é posible afirmar que os territorios portugueses teñen un mellor nivel relativo de infraestruturas medidas en número de camas mentres que as provincias españolas contan con maior dotación relativa medida en números relativos de profesionais médicos.

En relación cos servizos de atención primaria obsérvanse, sen embargo, valores que superan os valores medios da Eurorrexión. Así, o número de centros de saúde por cada mil habitantes ascende a 10.858 habitantes por centro, mentres que para o conxunto da Península Ibérica a cifra ascende a 19.417. O mellor comportamento estatístico en termos relativos garda relación coa baixa densidade de poboación desta zona fronteiriza, máis acusada nas NUT's portuguesas.

O equipamento educativo mídese mediante indicadores específicos dos distintos niveis. Así, mentres que os indicadores da educación básica e secundaria reflicten un declive demográfico, o establecemento de poboación inmigrante, sobre todo nos territorios portugueses, fixo crecer a demanda de servizos e equipamentos de educación infantil.



No ámbito da educación superior destacan os crecementos das áreas de Minho-Lima, Cávado e Alto Tras Os Montes.

A formación ocupacional na zona fronteiriza Norte de Portugal-Galicia é aínda deficitaria. Sen embargo, a dotación é superior no lado español que no portugués, que realizou, con todo, un destacable esforzo de capacitación da man de obra moza.

Os equipamentos vinculados ao turismo contan aínda cun importante potencial de crecemento, especialmente vinculados ao turismo rural e de natureza. En termos globais están máis desenvolvidos no lado español que no portugués e máis na costa que no interior. En concreto, Pontevedra é a provincia máis desenvolvida, con indicadores de equipamento turístico superiores á media nacional.

*Táboa 9. Dinámicas nos equipamentos e servizos: Cadro resumo*

<b>Variable / Indicador</b>	<b>Tendencias na fronteira</b>
Dotación de hospitais por cada mil habitantes	Tendencia á converxencia vinculada á implantación localizada de poboación inmigrante en núcleos urbanos.
Camas en hospitais por cada 1000 habitantes	Indicadores estatísticos por debaixo da media, máis acusada na zona galega da fronteira, vinculados en parte a outros factores sociodemográficos como a baixa densidade de poboación na zona portuguesa.
Centros de saúde por cada 1000 habitantes	Incremento de dotacións inferior á media ibérica.
Médicos por cada 1000 habitantes	Forte diferencial de dotacións con respecto á zona ibérica.
Educación infantil	Maior demanda destes equipamentos vinculada ao asentamento de poboación inmigrante.
Educación básica e secundaria	Maior demanda na zona portuguesa e regresión na zona fronteiriza galega.
Formación profesional	Niveis inferiores ás medias nacionais.
Bibliotecas	Boa cobertura con tendencia ao

	crecemento	
Salas de cine	Dotacións inferiores ás medias nacionais como resultado do carácter periférico da zona e a competencia exercida por outros formatos audiovisuais.	
Oferta hostaleira	Potencial de desenvolvemento de establecementos de pequena dimensión.	
Dinámica regresiva na fronteira en relación coa Península Ibérica	Dinámica media na fronteira en relación coa Península Ibérica	Dinámica progresiva na fronteira en relación coa Península Ibérica

### 2.2.5. Dinámicas no ámbito das infraestruturas

En termos xerais, os consumos enerxéticos por habitante da Eurorexión son inferiores ás medias nacionais. Dentro desta tendencia global, os máximos consumos encontrámoslos, xunto coa zona sur, na zona norte Portugal-Galicia.

En canto ao transporte transfronteirizo, destacamos o incremento do transporte de persoas e mercadorías por estrada, seguido do irregular desenvolvemento do transporte marítimo. O comportamento do transporte por ferrocarril, co actual nivel de servizos foi regresivo.

En relación co uso de novas tecnoloxías e Internet, obsérvanse indicadores inferiores ás medias nacionais. Este comportamento resulta especialmente negativo na zona portuguesa.

Táboa 10. Dinámicas nas infraestruturas

Variable / Indicador		Tendencias na fronteira
Consumo de enerxía eléctrica por habitante		Consumos inferiores ás medidas nacionais.
Número de plataformas loxísticas de transportes		Desenvolvemento das plataformas loxísticas.
Accesibilidade		Mellora da accesibilidade entre os núcleos urbanos das zonas de fronteira
Conectividade		Nova conexión viaria a través da ponte do Miño.
Dinámica regresiva na	Dinámica media na	Dinámica progresiva

fronteira en relación coa Península Ibérica	fronteira en relación coa Península Ibérica	na fronteira en relación coa Península Ibérica
---	---	--

### 2.2.6. Dinámicas da estrutura do sistema de poboación

Os fluxos migratorios dos últimos quince anos demostran que a poboación transfronteiriza tendeu a desprazarse desde núcleos de poboación de pequeno tamaño, máis rurais, cara a cidades de mediana dimensión e capitais territoriais, co fin de beneficiarse da maior dotación de servizos e infraestruturas que estas últimas ofrecen, contribuíndo deste modo ao desenvolvemento do sistema urbano e a certa desruralización da área transfronteiriza.

Táboa 11. Dinámicas de fluxos migratorios



Variable / Indicador		Tendencias na fronteira
Fluxos migratorios internos		Certa desruralización. Desprazamento da poboación fronteiriza cara a municipios de mediana dimensión e capitais.
Dinámica regresiva na fronteira en relación coa Península Ibérica	Dinámica media na fronteira en relación coa Península Ibérica	Dinámica progresiva na fronteira en relación coa Península Ibérica

### 2.2.7. Diversidade rexional

Xunto á visión integral do territorio transfronteirizo galego-portugués ofrecida nas epígrafes anteriores, ofrécense nos seguintes mapas as diverxencias existentes e a consecuente diversidade rexional entre os municipios de ambos os lados da fronteira, conforme os datos incorporados no Programa Operativo de Cooperación de:

Mapa 1. Diversidade rexional

<b>Densidade de poboación</b>	<b>Crecemento demográfico</b>
2001	2001-2003





**Poboación con escolaridade de nivel secundario ou superior**

2001

**Porcentaxe poboación 0-14 anos idade**

2001





**Porcentaxe poboación 65 ou máis anos idade**

2001

**PIB por habitante**

2003





**PIB por traballador (produtividade)**

2004

**Porcentaxe poboación empregada en sector primario**

2003




**Porcentaxe poboación empregada en sector terciario**

2003


**Nº médicos/1000 habitantes**

2000



Nº turistas/1000 habitantes

2003



**2.3. MATRIZ DAFO**

A continuación recóllese unha síntese das principais debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do espazo transfronteirizo, organizados conforme os ámbitos do diagnóstico:

Código	DEBILIDADES
D1	Desequilibrio territorial no espazo transfronteirizo: na zona interior e a costeira.
D2	Evolución demográfica negativa, progresivo envellecemento.
D3	Lixeira desruralización da poboación fronteiriza cara a municipios de mediana dimensión e capitais.
D4	Excesiva prevalencia do sector agrario de reducida superficie.
D5	Crecemento do emprego a un ritmo significativamente inferior ao ibérico.
D6	Limitada capacidade de investimento en I+D+i, con redes internacionais que non integran a eurorrexión.
D7	Base empresarial con escaso posicionamento estratéxico e predominio da PEME tradicional.
D8	Capacidade desigual de organización e promoción turística.
D9	Interconexión insuficiente entre os distintos medios de transporte.
D10	Dificultades de consolidación da cooperación entre as principais cidades do espazo transfronteirizo.

Código	FORTALEZAS
F1	Sectores industriais cun elevado potencial de desenvolvemento, particularmente o automóbil.
F2	Masa de recursos hídricos suficientes.
F3	Riqueza do patrimonio natural no espazo transfronteirizo.
F4	Infraestruturas, principalmente portos e aeroportos, con dimensión internacional.
F5	Localización marítima estratéxica
F6	Potencial de desenvolvemento do turismo de base rural e de natureza na zona interior.
Código	AMEAZAS
A1	Efectos da ampliación da Unión Europea e da globalización económica: deslocalización do tecido empresarial cara a mercados emerxentes.
A2	Intensificación da importancia de factores dinámicos de competitividade empresarial e territorial, áreas nas cales o espazo transfronteirizo non se encontra ben posicionado.
A3	Factores de incerteza internacional no campo do automóbil.
A4	Incorporación de recursos humanos cualificados e con nivel de salario reducido procedentes dos novos Estados membros.
Código	OPORTUNIDADES
O1	Consolidación do proceso de integración das dúas economías ibéricas, coa aparición de mercado interno.
O2	Aproveitamento eficaz do reforzo dos recursos humanos no espazo transfronteirizo, reforzando, preferentemente, a mobilidade dos traballadores e traballadoras do espazo transfronteirizo
O3	Xestión conxunta do uso de equipamentos sociais e mellora da prestación de servizos á poboación
O4	Mellora das estruturas de cooperación.

### 3. ZONAS SUBVENCIONABLES NO PLAN ESTRATÉGICO DE COOPERACIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

O Plan Estratégico de Cooperación Galicia-Norte de Portugal abrangue un territorio composto por 5 NUT III fronteirizas, territorio este que constituirá o ámbito básico de aplicación.

Estas unidades territoriais cobren unha superficie total de 23.390 Km<sup>2</sup> e contan cunha poboación de 2.142.707 habitantes.

Trátase, polo tanto, dun Plan cunha forte incidencia territorial e, en menor escala, poboacional.

As **5 áreas NUTS III básicas fronteirizas** divídense, por ambos os lados da raia, da seguinte forma:

- ✓ Galicia (2) – **Pontevedra e Ourense.**
- ✓ Norte de Portugal (3) – **Minho-Lima, Cávado e Alto Tras-os-Montes.**

Conforme os programas anteriores en materia de cooperación transfronteiriza, tamén no actual poderán ser beneficiados os proxectos incidentes nas zonas adxacentes ás que compoñen o ámbito básico de aplicación do Plan.

Esta flexibilidade responde á necesidade de acoller no Plan articulacións que se establecen entre as áreas do ámbito básico e as que están xeográfica e funcionalmente próximas e de dar resposta á dependencia funcional entre os territorios do ámbito básico con algúns centros urbanos rexionais situados fóra desta área, onde se localiza un importante capital humano, económico, tecnolóxico e empresarial.

Neste sentido, as **áreas NUTS III** non fronteirizas para a cooperación entre Galicia-Norte de Portugal son:

- ✓ Galicia (2): **A Coruña e Lugo**
- ✓ Norte de Portugal (4): **Área metropolitana do Porto, Ave, Tâmega, Douro, Entre Douro e Vouga.**

En consecuencia, a **eurorrexión** localizada no noroeste da Península Ibérica formada por **Galicia-Norte de Portugal** configúrase actualmente como un espazo de forte interrelación social, económica e cultural, chea de oportunidades e cun gran potencial de desenvolvemento futuro. Para o período 2007-2013, encóntrase formada por 11 NUTs III, das cales cinco son de ámbito básico e seis adxacentes, pola súa proximidade xeográfica e funcional. Esta eurorrexión responde á necesidade de dar coherencia e resposta a unha área transfronteiriza onde se localiza un importante capital humano, económico, tecnolóxico e empresarial.

En suma, este breve escenario caracterizador dos dous espazos que constitúen a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal asume un carácter de forte complementariedade pero, simultaneamente, converte este espazo nunha plataforma territorial fortemente competitiva nun contexto de crecente globalización e internacionalización da economía.

*Mapa 2. NUTS III que integran a Cooperación Galicia-Norte de Portugal*



#### **4. ESTRATEXIA DO PLAN ESTRATÉXICO DE COOPERACIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL**

##### **4.1. OBXECTIVOS DA ESTRATEXIA DE COOPERACIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL**

A partir dos resultados do diagnóstico e o DAFO, a Cooperación Galicia-Norte de Portugal ten como meta aumentar o impacto estratéxico das intervencións, así como mellorar a participación dos axentes territoriais a través da **priorización das sinerxías e complementariedades positivas existentes na eurorrexión que potencian a competitividade do espazo transfronteirizo.**

Neste sentido, a constitución dun espazo de cooperación conxunto entre Galicia e Norte de Portugal constitúe unha oportunidade única para que



ambos os Estados membros, España e Portugal, desenvolvan políticas e proxectos de investimento en ambas as rexións a favor da converxencia coas respectivas realidades nacionais e coa zona ibérica, considerando a natural articulación socioeconómica manifestada.

Así mesmo, a valorización da competitividade e o atractivo deste espazo transfronteirizo, xunto a unha estratexia propia de internacionalización no contexto da Comunidade Europea, potencia a presenza de ambas as rexións nos procesos de decisións europeos e mellora a estrutura socioeconómica e territorial no espazo atlántico.

Ademais, a integración da dimensión institucional na estratexia concede unha maior solidez ao proceso de cooperación, mitigando as diferenzas territoriais existentes en ambas as rexións.

En definitiva, a estratexia do presente Plan pretende establecer as condicións territoriais, institucionais e de cooperación básicas para que o proxecto de eurorrexión vaia alén dun marco político e se converta en instrumento para potenciar a competitividade da zona Galicia-Norte de Portugal.

Para isto, o presente Plan Estratégico de Cooperación Galicia-Norte de Portugal pretende crear ***un espazo transnacional, interrexional e transfronteirizo de cooperación que integre as peculiaridades das dúas rexións e os seus marcos políticos e institucionais, valore a competitividade e o atractivo do territorio común e organice e identifique procesos de colaboración institucional.***

O **obxectivo global** que se define é o de **“Converter a eurorrexión Galicia-Norte de Portugal nun territorio atractivo para vivir, investir e traballar”**. Este obxectivo implica a promoción dos factores de desenvolvemento ligados á Estratexia de Lisboa: renovar as bases da competitividade, aumentar o potencial de crecemento e produtividade e reforzar a cohesión social, a través do coñecemento, a innovación e a valorización do medio natural.

Para a consecución deste obxectivo final fórmulanse tres obxectivos centrais complementarios entre si, que inciden nas variables económica, territorial,

social e ambiental, tendo presente, como factor horizontal, a capacidade institucional. Así, establécense os seguintes obxectivos:

➤ **Obxectivo final 1. Valorar e promover a competitividade do tecido produtivo da Eurorrexión a través do coñecemento e a innovación.**

Galicia-Norte de Portugal propónse impulsar a sociedade do coñecemento aplicada ás necesidades do tecido empresarial, investindo de maneira eficaz naqueles elementos do sistema de innovación que maiores vantaxes e rendementos poden achegar á economía: investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación empresarial co fin de mellorar a súa posición no conxunto da economía europea e de converterse en referente de excelencia naqueles sectores nos cales presenta vantaxes comparativas.

Para isto, a Eurorrexión deberá contribuír a reducir a brecha de I+D e poñer en marcha un modelo de crecemento económico baseado en actividades de valor engadido con aplicación de coñecemento, innovación e tecnoloxía. Todo iso se conseguirá fortalecendo a competitividade das empresas, a súa presenza internacional e o seu esforzo investidor en actividades de I+D, mellorando a articulación co resto dos axentes do sistema de innovación das dúas rexións (universidades, centros públicos de investigación, hospitais, centros tecnolóxicos...)

**Obxectivo final 2. Converter a Eurorrexión nun territorio máis atractivo impulsando os sistemas básicos de transporte e accesibilidade e reforzando as sinerxías entre crecemento e desenvolvemento sustentable.**

Trátase de impulsar o crecemento económico, aínda que sen perder de vista os criterios de protección e conservación ambiental e eficiencia enerxética. Mediante o aproveitamento do patrimonio natural e cultural común do espazo transfronteirizo, a eurorrexión fomentará o desenvolvemento de actividades económicas que contribúan a dotar de competitividade, complementariedades e sinerxías ás dúas rexións. Para iso, nas cidades da eurorrexión prestarase unha especial atención a un urbanismo sustentable, definición e realización de actuacións dirixidas á coordinación de sistemas de transporte limpo metropolitano ou de

loxística, potenciando e reforzando a capacidade institucional da Administración local

Por outro lado, farase un esforzo importante por mellorar a competitividade do tecido produtivo das catro comunidades territoriais do Minho, do Lima, do Cávado e do Alto Tâmega a través da eficiencia enerxética e aproveitar os recursos ambientais da eurorrexión como un factor de atracción e de crecemento económico.

- **Obxectivo final 3. Aumentar a cohesión social e institucional da Eurorrexión, Galicia - Norte de Portugal.** Os obxectivos finais anteriores non serían posibles sen un capital humano capaz e capacitado para desenvolver e impulsar unha economía baseada no coñecemento. Para iso, deberase impulsar un mercado laboral atractivo e flexible que favoreza a mobilidade dos traballadores e traballadoras dentro da eurorrexión.

Así mesmo, neste novo período de programación preténdese establecer definitivamente unha cooperación institucional sólida que permita establecer as condicións necesarias para a innovación, xestión e funcionamento da capacidade colectiva no proceso de cooperación, creando canles adecuadas de comunicación e participación dos actores implicados a todos os niveis. Todo isto vén reforzar e conceder un particular protagonismo ao **principio transversal da cooperación**.

Para alcanzar estes tres obxectivos centrais, a Eurorrexión formula **nove obxectivos de carácter intermedio**, que responden ás prioridades europeas para o novo período de programación establecidas nas directrices estratéxicas para o crecemento e o emprego e arredor dos cales se canalizarán as diferentes actuacións recollidas no presente Plan Estratégico de Cooperación Transfronteiriza de Galicia-Norte de Portugal.

Todos os obxectivos intermedios se vincularon de forma directa cun dos obxectivos finais, aínda que algúns deles están relacionados cos outros dos restantes indirectamente.

- ✓ O **obxectivo final 1** “Valorar e promover a competitividade do tecido produtivo da eurorrexión a través do coñecemento e a innovación”, desagregase en catro dos nove obxectivos intermedios: OI.1, OI.2 e OI.3 e OI.4,

- ✓ O **obxectivo final 2** “Converter a eurorrexión nun territorio máis atractivo impulsando os sistemas básicos de transporte e accesibilidade e reforzando as sinerxías entre crecemento e desenvolvemento sustentable” presenta relación directa con tres obxectivos intermedios: OI.5, OI.6 e OI.7.
- ✓ O **obxectivo final 3** “Aumentar a cohesión social e institucional da eurorrexión, Galicia-Norte de Portugal”, atópase vinculado preferentemente a un obxectivo intermedio: OI.8 e OI.9.

A correspondencia entre eles ilústrase en forma de árbore de obxectivos, de modo que de cada un dos obxectivos finais dependen aqueles obxectivos intermedios relacionados de forma máis directa e específica con eles.

*Táboa 12. Árbore de obxectivos da Estratexia de Cooperación Galicia-Norte de Portugal 2007 - 2013*

<b>OBXECTIVO GLOBAL</b>
Converter a eurorrexión Galicia-Norte de Portugal nun territorio atractivo para vivir, investir e traballar
<b>OBXECTIVOS FINAIS</b>
OF.1. Valorar e promover a competitividade do tecido produtivo da eurorrexión a través do coñecemento e a innovación
OF.2. Converter a eurorrexión nun territorio máis atractivo impulsando os sistemas básicos de transporte e accesibilidade e reforzando as sinerxías entre crecemento e desenvolvemento sustentable
OF.3. Aumentar a cohesión social e institucional da eurorrexión, Galicia-Norte de Portugal
<b>OBXECTIVOS INTERMEDIOS</b>

**OI.1.** Apoiar a consolidación do sistema científico e tecnolóxico no espazo transfronteirizo, buscando as sinerxías e complementariedades cos sistemas rexionais.

**OI.2.** Promover a internacionalización da excelencia científica e tecnolóxica da eurorrexión, así como a incorporación das TIC nos fogares e as empresas.

**OI.3.** Valorar as experiencias de cooperación territorial converxentes con estratexias e proxectos de internacionalización e/ou interfaces universidades-empresa.

**OI.4.** Mellorar a mobilidade dos traballadores e traballadoras da eurorrexión mellorando as cualificacións e os servizos que faciliten a conciliación de todos os factores asociados a esta mobilidade.

**OI.5.** Valorar o patrimonio natural e cultural común das catro comunidades territoriais do Minho, do Lima, do Cávado e do Alto Tâmega mediante a cooperación conxunta.

**OI.6.** Dinamizar as sinerxías entre a zona interior e costeira e o rural-urbano da eurorrexión.

**OI.7.** Incentivar a participación e implicación do sistema urbano da eurorrexión en accións dirixidas á cooperación entre núcleos urbanos e as súas áreas de influencia.

**OI.8.** Potenciar proxectos de cooperación que valoren o coñecemento e a experiencia das dúas rexións en materia social e igualdade de oportunidades.

**OI.9.** Reforzar a capacidade institucional e a súa xestión en materia de cooperación.

*Fonte: Elaboración propia.*

Para cumprir co obxectivo comunitario xeral de impulsar unha converxencia económica real, as accións da Política de Cohesión, apoiadas cos recursos dispoñibles, deberán centrarse en promover un crecemento sustentable, a competitividade e o emprego, conforme o exposto na Estratexia renovada de Lisboa.

Neste sentido, as directrices estratéxicas comunitarias<sup>2</sup> ofrecen un único marco orientador, cuxa utilización se lles solicita aos Estados membros e rexións que teñan en conta ao elaboraren os seus programas operativos, en particular coa finalidade de avaliar a súa contribución aos obxectivos da cohesión, o crecemento e o emprego.

Así, as necesidades do espazo transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal que se benefician de axudas en virtude do obxectivo de Cooperación Europea Transfronteiriza (CET), concretamente **FEDER**, deben tratar de canalizar os recursos cara ás tres prioridades seguintes:

- ✓ Mellorar o atractivo dos Estados membros, as rexións e as cidades, mellorando a accesibilidade, garantindo unha calidade e un nivel adecuados de servizos e preservando o seu potencial ambiental.
- ✓ Promover a innovación, a iniciativa empresarial e o crecemento da economía do coñecemento mediante as capacidades de investigación e innovación, incluídas as novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- ✓ Crear máis e mellores empregos atraendo a máis persoas ao emprego ou á actividade empresarial, mellorando a adaptabilidade dos traballadores e traballadoras e das empresas e incrementando o investimento en capital humano.

Para isto, a Estratexia de Cooperación Galicia-Norte de Portugal centra os seus esforzos no coñecemento, a investigación e a innovación, así como no capital humano, aumentando significativamente o apoio financeiro global destinado a estas áreas de acción, xunto á protección e conservación do ambiente e o desenvolvemento sustentable. Neste sentido, preténdese impulsar as sinerxías existentes entre a dimensión económica, social e ambiental.

Polo que se refire á **Directriz 1 “Converter Europa nun lugar máis atractivo para investir e traballar”**, a dispoñibilidade de infraestruturas modernas é unha condición previa para o rendemento de moitas empresas

---

<sup>2</sup> Decisión do Consello, do 6 de outubro de 2006, relativa ás directrices estratéxicas comunitarias en materia de cohesión (2006/702/CE)

que afecta, así mesmo, ao atractivo económico e social das rexións. Para iso, en materia de infraestruturas de transporte, a mellora da interoperatividade e conectividade rexional permite ofrecer unha elevada rendibilidade a longo prazo en forma de aumento da competitividade, ademais de facilitar a mobilidade da man de obra. Doutra parte, para o fortalecemento das potenciais sinerxías entre a protección do ambiente e o crecemento, concédeselle prioridade á valoración conxunta do patrimonio natural. Neste sentido, correspóndense cos obxectivos intermedios do OI.5 ao OI.7.

En canto á **Directriz 2 “Mellorar os coñecementos e a innovación a favor do crecemento”**, os obxectivos de crecemento e creación de emprego da Comunidade Europea reclaman un cambio estrutural da economía baseada no coñecemento. Isto require, preferentemente, mellorar os niveis en investigación e desenvolvemento tecnolóxico, prestando unha especial atención ao sector privado. Para isto, é necesario aumentar a competitividade do tecido produtivo empresarial, a incorporación de técnicas innovadoras nas PEME’s, a explotación de novas ideas empresariais, a difusión das TICs e a mellora do financiamento ás empresas. Trátase neste caso dos obxectivos intermedios OI.1, OI.2, OI.3 e OI.4.

Respecto á **Directriz 3 “Máis e mellores empregos”**, a súa concepción está deseñada para as intervencións propias do FSE, aínda que se encontra influenciado moderadamente polo OI.8 e OI.9.

*Táboa 13. Correspondencia entre a árbore de obxectivos da Estratexia de Cooperación Galicia-Norte de Portugal e as directrices estratéxicas comunitarias.*

Obxectivos prioritarios	Directrices estratéxicas comunitarias 2007-2013	Obxectivos intermedios da Estratexia Galicia-Norte de Portugal
<b>D1. Facer de Europa e das súas rexións lugares máis atractivos nos cales</b>	D.1.1. Ampliar e mellorar as infraestruturas de transporte	OI.6. Dinamizar as sinerxías entre a zona interior e costeira e o rural e urbano da eurorrexión

<b>Obxectivos prioritarios</b>	<b>Directrices estratéxicas comunitarias 2007-2013</b>	<b>Obxectivos intermedios da Estratexia Galicia-Norte de Portugal</b>
<b>investir e traballar</b>	D.1.2. Reforzar as sinerxías entre a protección do ambiente e crecemento	OI.5. Valorizar o patrimonio natural e cultural común das catro comunidades territoriais do Minho, do Lima, do Cávado e do Alto Tâmega mediante a cooperación conxunta.
	D.1.3. Tratar o uso intensivo das fontes de enerxías tradicionais	OI.7. Incentivar a participación e implicación do sistema urbano da eurorrexión en accións dirixidas á cooperación entre núcleos urbanos e as súas áreas de influencia.
<b>D.2. Mellorar os coñecementos e a innovación a favor do crecemento</b>	D.2.1. Aumentar e orientar mellor os investimentos en IDT	OI.3. Valorizar as experiencias de cooperación territorial converxentes con estratexias e proxectos de internacionalización e/ou interfaces universidades-empresa.
	D.2.2. Facilitar a innovación e promover a iniciativa empresarial	OI.1. Apoiar a consolidación do sistema científico e tecnolóxico no espazo transfronteirizo, buscando as sinerxías e complementariedades cos sistemas rexionais.
	D.2.3. Promover a sociedade da información para todos	OI.2. Promover a internacionalización da excelencia científica e tecnolóxica da eurorrexión así como a introdución das TIC nas empresas e fogares.
<b>D.3. Máis e mellores postos de traballo</b>	D.3.2. Mellorar a adaptabilidade dos traballadores e traballadoras, as empresas e a flexibilidade do mercado laboral	OI.4. Mellorar a mobilidade dos traballadores e traballadoras da eurorrexión mellorando as cualificacións e os servizos que faciliten a conciliación de todos os factores asociados a esta mobilidade.
	D.3.4. Capacidade administrativa	OI.9. Reforzar a capacidade institucional e a súa xestión en materia de cooperación.



Obxectivos prioritarios	Directrices estratéxicas comunitarias 2007-2013	Obxectivos intermedios da Estratexia Galicia-Norte de Portugal
<b>D.4. Dimensión territorial</b>	D.4. A contribución das cidades ao crecemento e o emprego	OI.8. Potenciar proxectos de cooperación que valoren o coñecemento e a experiencia das dúas rexións en materia social e de igualdade de oportunidades.

## 4.2. PRIORIDADES ESTRATÉXICAS DE COOPERACIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

### 4.2.1. Principios

A Cooperación de Galicia-Norte de Portugal defínese tomando en consideración os principios de programación establecidos no Programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal para o período 2007-2013:

- ✓ **Principio de concentración**, que determina a estrutura do Plan Estratégico nun número limitado de prioridades temáticas.
- ✓ **Principio de selectividade**, que garante o establecemento de criterios obxectivos de selección de candidaturas, de maneira que os proxectos adxudicados contribúan efectivamente aos obxectivos, á consecución das prioridades temáticas.
- ✓ **Principio de sustentabilidade económico-financeiro**, que permite que os proxectos apoiados reúnan as condicións adecuadas de viabilidade financeira.
- ✓ **Principio de aumento da escala de intervención**, que establece as condicións necesarias para asegurar que os proxectos financiados reúnen condicións de masa crítica para producir resultados e impactos significativos nas economías e nas condicións de vida fronteirizas.
- ✓ **Principio de corresponsabilidade**, no exercicio das funcións e tarefas de xestión e seguimento das intervencións do próximo período de programación, delimitándose as responsabilidades concretas de cada rexión no momento da definición dos diversos instrumentos de cooperación, por acordo entre as partes.

- ✓ **Principio de simplificación de estructuras e procedementos**, que require a análise das estruturas e procedementos de xestión, así como a adopción de medidas tendentes á súa simplificación.

#### 4.2.2. Prioridades

A definición das prioridades para o Plan Estratégico de Galicia-Norte de Portugal ten en conta os seguintes documentos de referencia, adecuándose ás prioridades definidas por

- ✓ A *Estratexia de Lisboa e Goteburgo* formulada pola Comisión Europea e os xefes de Estado e de Goberno da UE e as súas directrices Integradas para o crecemento e o emprego 2005-2008 (DICE), as cales veñen reforzar a coherencia e a complementariedade nas programacións, proporcionando unha visión estratéxica clara dos desafíos europeos nos ámbitos macroeconómicos, microeconómicos e de emprego.
- ✓ *Directrices estratéxicas comunitarias 2007-2013*, integradas nos regulamentos comunitarios en materia de política de cohesión.
- ✓ *Marco Estratégico Nacional de Referencia de España (MENR)* e o *Quadro de Referencia Estratégico Nacional de Portugal (QREN)*.
- ✓ *Programa Operativo de Cooperación Transnacional España-Portugal, 2007-2013*.
- ✓ *Marco Estratégico de Converxencia Económica de Galicia (MECEGA) 2007-2103*.
- ✓ **Norte 2015: Competitividade e desenvolvemento (CCDRN)**

Con base nestes documentos e xunto á experiencia adquirida dos INTERREG, o Plan Estratégico de Cooperación de Galicia-Norte de Portugal define as seguintes cinco prioridades estratéxicas para os próximos anos:

#### ➤ **Impulso dos sistemas de transporte e accesibilidade.-**

A experiencia do INTERREG nas súas distintas fases, pon de manifesto o papel que ata agora xogaron os investimentos na permeabilización da fronteira. Os investimentos xa programados por ambos Estados para o período 2007-2013 constitúen un verdadeiro salto cualitativo, xa que dotan

dunha verdadeira columna vertebral as infraestructuras de accesibilidade entre ambos dous territorios.

O impulso da conexión ferroviaria é considerado estratéxico, xa que está chamado a desempeñar un papel chave na articulación territorial dos transportes, na mobilidade de viaxeiros e mercancías, no impacto ambiental e no impacto sobre variables macroeconómicas, como o emprego, a produción e o valor engadido. A finalización das actuacións no eixe interior Lugo-Ourense-Chaves-Bragança-Vila Real-Régua, así como as ampliacións previstas en portos e aeroportos constituen tamen unha magnífica oportunidade para que a Eurorrexión axenda o ámbito dos seus mercados, potencie a presenza internacional das empresas e continúe progresando na integración do seu tecido productivo.

#### ➤ **Cooperación no ámbito do mar**

A aposta do presente Plan Estratégico polo establecemento dun dominio do mar pretende dar forma a determinadas directrices definidas no contexto da Estratexia Europea da xestión dos recursos e do medio mariño.

Neste sentido, a cooperación temática marítima permitirá contribuír a alcanzar os obxectivos da Axenda de Lisboa e Goteburgo a través do reforzo dun dominio potencial de innovación, crecemento económico e emprego das rexións de Galicia-Norte de Portugal. Para isto establécense, preferentemente, tres ámbitos de actuación: científico, tecnolóxico e cultural; económico e ambiental, e foron seleccionados os seguintes temas de cooperación:

- ✓ Calidade do medio mariño
- ✓ Recursos mariños
- ✓ Sector alimentario
- ✓ Biotecnoloxía e novos produtos
- ✓ Estaleiros navais e náutica de recreo
- ✓ Cultura e turismo

O tratamento de cada unha destas áreas temáticas deberá tamén considerar dous temas transversais: a formación e a investigación, o desenvolvemento e a innovación.

En relación coa **Dimensión científica, tecnolóxica e cultural**, preténdese prestar unha especial atención ao reforzo das relacións do traballo entre as diversas institucións e/ou organismo de ambas as rexións en áreas tales como conservación e xestión do medio mariño, da zona costeira, acuicultura, etc. Polo que respecta á dimensión cultural, os esforzos concéntranse en valorar o patrimonio común existente.

Para a **Dimensión económica**, as intervencións estarán dirixidas, na súa maioría, á incorporación de innovación nas actividades económicas directamente relacionadas co mar situadas na eurorrexión.

Por último, en canto á **Dimensión ambiental**, preténdese facer fronte aos riscos ambientais no espazo transfronteirizo, centrando as intervencións, na súa maioría, nas áreas relativas á loita contra a contaminación mariña e dos esteiros, erosión costeira, cambio climático, etc.

#### ➤ **Competitividade das PEME da Eurorrexión**

Con esta prioridade, perséguese fortalecer a competitividade das empresas do espazo transfronteirizo a través da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT), fomentar a innovación empresarial e impulsar a utilización de novos coñecementos por parte das empresas, á vez que estender e difundir as tecnoloxías da información e as comunicacións garantindo a penetración no conxunto da sociedade. Así mesmo, debe prestarse unha especial atención a impulsar a proxección internacional.

Estes esforzos de conversión dunha sociedade baseada no coñecemento deben ir acompañados pola mellora do capital humano e a súa adaptación á economía do coñecemento, prestando unha especial atención na adecuación dos sistemas de educación e formación ás necesidades da sociedade, a economía e as empresas.

Con este obxectivo preténdese desenvolver un conxunto de iniciativas dirixidas a:

- ✓ Promover a intensificación e diversificación das relacións entre empresas e entre asociacións empresariais;
- ✓ Valorar recursos produtivos a partir da creación e potenciación das condicións loxísticas;

- ✓ Estimular a creación de ambientes favorables para a cooperación empresarial, científica e tecnolóxica;
- ✓ Fomentar procesos de innovación e de desenvolvemento tecnolóxico realizados en conxunto por institucións de I+D de ambos os lados da fronteira;
- ✓ Valorar e promover os recursos turísticos da eurorrexión.

En xeral, perséguese concretar un conxunto de iniciativas de cooperación entre as rexións do Norte de Portugal e de Galicia nos dominios da innovación e da competitividade. En particular, considérase prioritario implementar instrumentos que promovan a cooperación entre as dúas rexións nas seguintes dimensións:

- ✓ Creación e consolidación de redes institucionais entre axencias públicas e axencias do ámbito empresarial das dúas rexións, con énfase nas axencias do sistema de ciencia e tecnoloxía, do asociacionismo empresarial e no aproveitamento do potencial que ofrece a loxística.
- ✓ Promoción da mobilidade do capital humano entre as dúas rexións, a través da organización de estadias profesionais interrexionais;
- ✓ Promoción de consorcios de I+D con participación de institucións de C&T e de empresas, así como organización de accións de demostración e de transferencia de tecnoloxía;
- ✓ Accións de apoio á internacionalización de empresas con base na cooperación entre empresas das dúas rexións, explorando o potencial da eurorrexión como plataforma para a adquisición de experiencias nos dominios do comercio e dos investimentos internacionais.

#### ➤ **Protección ambiental e desenvolvemento urbano sustentable**

O obxectivo do desenvolvemento sustentable é estimular as sinerxías entre a dimensión económica, social e ambiental. Esta prioridade ten como obxectivo fundamental reforzar o potencial ambiental do espazo transfronteirizo como vehículo para o desenvolvemento económico sustentable, protexendo e mellorando o contorno, aproveitando os recursos

de forma integrada e racional e establecendo mecanismos que melloren o actual sistema de tratamento e transporte da auga.

Trátase, ademais de fomentar a conservación ambiental e dos recursos naturais, de poñer en práctica estratexias conxuntas que exploren o potencial económico dos recursos ambientais da rexión, incluíndo as enerxías renovables e fomentando actividades económicas asociadas ás posibilidades ambientais, que supoñan un aproveitamento integral do medio

Neste sentido, o xurdimento de sinerxías entre a protección do ambiente e o crecemento, pode ter expresión en dúas áreas de intervención complementarias:

- ✓ Valoración, promoción e conservación ambiental dos recursos naturais co fin de que:
  - Protexan, integren e promovan os recursos naturais dos territorios transfronteirizos, especialmente nos sectores da auga, da prevención de riscos e da protección da natureza;
  - Promovan as condicións necesarias para a sustentabilidade nas áreas do ambiente, os espazos naturais e os recursos hídricos das zonas de fronteira, particularmente os recursos comúns, como é o caso dos Ríos Miño e Lima, do Parque Nacional da Peneda-Gerês-Xurés e do Parque de Montesinho.
- ✓ Desenvolvemento urbano sustentable. Neste dominio preténdese crear as condicións para a concreción dun conxunto de accións/proxectos orientados á valoración das vocacións funcionais das cidades así como a creación de redes , baixo a perspectiva dun desenvolvemento maior, dun equilibrio entre as cidades económica e socialmente máis fortes e o resto da rede urbana da eurrrexión.

➤ **Fomento da cooperación e integración social e institucional:**

A promoción da utilización conxunta de servizos institucionais preséntase como unha cuestión clave para a integración social do territorio de fronteira, co fin de reforzar os recursos para a asistencia aos colectivos máis sensibles e mellorar o acceso aos mercados locais de traballo, servizos e recursos

públicos. Neste sentido, preténdese implementar a xestión e construción conxunta de equipamentos colectivos por entidades fronteirizas, tendo en conta o principio da racionalización de equipamentos na zona de fronteira co obxecto de

- ✓ Estimular e desenvolver servizos comúns,
- ✓ Fomentar a utilización compartida e/ou en rede de equipamentos sociais, culturais e de ocio,
- ✓ Promover unha maior integración sociocultural entre as poboacións raiotas e
- ✓ Dinamizar a cooperación entre entidades da Administración pública rexional, axentes económicos, sociais e culturais dos dous lados da fronteira.

## 5. EIXES PRIORITARIOS DE ACTUACIÓN PARA O PLAN DE COOPERACIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

Atendendo a criterios de concentración e coherencia económica que determinan a limitación dos recursos financeiros dispoñibles, e partindo das orientacións estratéxicas establecidas polas directrices europeas e os marcos estratéxicos nacionais, **MENR** e **QREN**, a articulación operativa establecida para as intervencións estruturais do período de programación 2007-2013 céntrase nas necesidades rexionais identificadas, tendo presente os obxectivos que se pretende alcanzar.

*Táboa 14. Adecuación dos obxectivos intermedios, finais e eixes prioritarios do Plan Estratégico de Cooperación de Galicia-Norte de Portugal, 2007-2013.*

<b>OBXECTIVOS FINAIS</b>	<b>OBXECTIVOS INTERMEDIOS</b>	<b>EIXES PRIORITARIOS DO PROGRAMA OPERATIVO DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZO ESPAÑA - PORTUGAL</b>
--------------------------	-------------------------------	---

<b>OBXECTIVOS FINAIS</b>	<b>OBXECTIVOS INTERMEDIOS</b>	<b>EIXES PRIORITARIOS DO PROGRAMA OPERATIVO DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZO ESPAÑA - PORTUGAL</b>
<p>OF.1. Valorar e promover a competitividade do tecido produtivo da eurorrexión a través do coñecemento e a innovación</p>	<p>OI.1. Apoiar a consolidación do sistema científico e tecnolóxico no espazo transfronteirizo, buscando as sinerxías e complementariedades cos sistemas rexionais.</p>	<p>Eixe 1. Fomento da competitividade e promoción do emprego.</p>
	<p>OI.2. Promover a internacionalización da excelencia científica e tecnolóxica da eurorrexión, así como incorporar as TIC nas empresas e fogares.</p>	
	<p>OI.3. Valorar as experiencias de cooperación territorial converxentes con estratexias e proxectos de internacionalización e/ou interfaces universidades-empresa.</p>	
	<p>OI.4. Mellorar a mobilidade dos traballadores e traballadoras da eurorrexión, mellorando as cualificacións e os servizos que faciliten a conciliación de todos os factores asociados a esta mobilidade..</p>	
<p>OF.2. Converter a eurorrexión nun territorio máis atractivo, impulsando as infraestruturas de transporte e accesibilidade e reforzando as</p>	<p>OI.5. Valorar o patrimonio natural e cultural común das catro comunidades territoriais do Minho, do Lima, do Cávado e do Alto Támega mediante a cooperación conxunta.</p>	<p>Eixe 2. Medio natural, patrimonio e prevención de riscos.</p>
	<p>OI.6. Dinamizar as sinerxías entre a zona interior e costeira e o rural-urbano da eurorrexión.</p>	<p>Eixe 3. Ordenación do territorio e accesibilidade.</p>



OBXECTIVOS FINAIS	OBXECTIVOS INTERMEDIOS	EIXES PRIORITARIOS DO PROGRAMA OPERATIVO DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZO ESPAÑA - PORTUGAL
sinerxías entre crecemento e desenvolvemento sustentable	OI.7. Incentivar a participación e implicación do sistema urbano da eurorrexión en accións dirixidas á cooperación entre núcleos urbanos e as súas áreas de influencia.	
OF.3. Aumentar a cohesión social e institucional da eurorrexión, Galicia-Norte de Portugal	OI.8. Potenciar proxectos de cooperación que valoren o coñecemento e a experiencia das dúas rexións en materia social e igoaldade de oportunidades.	Eixe 4. Integración socioeconómica e institucional.
	OI.9. Reforzar a capacidade institucional e a súa xestión en materia de cooperación.	Eixe 4. Integración socioeconómica e institucional. Eixe 5. Asistencia técnica

Fonte: *Elaboración propia.*

En definitiva, os eixes prioritarios definidos polo actual Programa Operativo de Cooperación Transfronteirizo España-Portugal e que, polo tanto, son os eixes do presente Plan Estratégico de Cooperación Territorial Galicia Norte de Portugal son:

- ✓ Eixe 1. Fomento da competitividade e promoción do emprego.
- ✓ Eixe 2. Medio natural, patrimonio e prevención de riscos.
- ✓ Eixe 3. Ordenación do territorio e accesibilidade.
- ✓ Eixe 4. Integración socioeconómica e institucional.
- ✓ Eixe 5. Asistencia técnica

A continuación, para cada un deles establécense os obxectivos específicos e o enfoque para levar a cabo as actuacións correspondentes en cada caso.

Tendo en conta que o presente documento é un borrador, a descrición dos eixes e o desenvolvemento das actuacións que se presentan teñen un carácter meramente informativo, co cal están suxeitos a reflexión e a axustes ata o momento da súa presentación, como documento definitivo ante a Comisión.

### 5.1. EIXE 1. FOMENTO DA COMPETITIVIDADE E PROMOCIÓN DO EMPREGO.

As actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico sólidas resultan cruciais para o desenvolvemento económico dos mercados. O gasto en investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación (en diante, I+D+i) é un indicador clave á hora de determinar o grao de esforzo efectuado por un país ou unha rexión por dotar dunha maior vantaxe competitiva o seu tecido empresarial, como principal vía para sobrevivir no proceso de globalización e deslocalización económica actual.

Neste sentido, **a valorización do potencial entre os sistemas científicos e tecnolóxicos de ambas as rexións, dirixidos a potenciar a innovación na PEME**, convértese nunha das principais liñas de actuación para desenvolver neste eixe, baseada en dous principios fundamentais:

- ✓ En primeiro lugar, o **criterio de complementariedade**. Non se debe ignorar que os sistemas científico-tecnolóxicos de ambas as rexións poden ter traxectorias propias de expansión ou ser parte de redes de cooperación que non teñen por que dirixirse necesariamente á valorización do espazo da Eurorrexión. Neste contexto, a cooperación Galicia-Norte Portugal debe ser prioritaria sobre aqueles proxectos que potencian ou presentan unha elevada complementariedade e/ou sinerxías cos sistemas rexionais de ambos os territorios.
- ✓ En segundo lugar, a **cooperación** entre os dous sistemas debe orientarse á contribución máis activa para a promoción e o desenvolvemento dun conxunto de servizos avanzados ás PEMEs como área de influencia na eurorrexión. Isto require que o sistema tradicional de ciencia e tecnoloxía concentre os seus esforzos na cooperación en materia de innovación co tecido produtivo da zona transfronteiriza.

Esta prioridade nace coa finalidade de incentivar a cooperación empresarial, de maneira que se aproveiten os recursos endóxeos, tanto humanos como materiais e tecnolóxicos, e se favoreza o desenvolvemento de actividades de investigación que permitan superar a especialización produtiva da fronteira en sectores tradicionais. Neste contexto, as infraestruturas tecnolóxicas e a dinamización de novas empresas de base tecnolóxica, xunto á mobilidade dos investigadores e a transferencia do coñecemento científico e tecnolóxico, adquiren un papel protagonista neste período de programación, 2007-2013.

Outra das liñas de actuación prioritarias de cooperación para o período 2007-2013 é a ***posta en valor conxunto das actividades e servizos relacionados co dominio do mar, implicando as universidades e/ou centro tecnolóxicos das rexións e ás asociacións e entes territoriais interesados na problemática***. Trátase dunha liña transversal que pretende integrar as áreas científica, tecnolóxica, cultural, económica e ambiental no marco do dominio do mar.

Por outra parte, esta cooperación pode nutrirse das experiencias adquiridas noutros escenarios comunitarios, tales como no Programa de Espazo Atlántico ou o 7º Programa Marco de I+D+i.

Así mesmo, esta liña de acción prioritaria atópase directamente vinculada coa prioridade de capacidade institucional e concentración dos recursos cuxa finalidade é evitar a súa dispersión nun abano amplo de iniciativas que minimicen a posibilidade de obter impactos positivos.

Para isto establécense os seguintes obxectivos do eixe 1, *Fomento da competitividade e promoción do emprego*

#### **Obxectivos específicos do eixe 1.**

- 1)** Mellorar e optimizar as infraestruturas de I+D+i.
- 2)** Aumentar o investimento en I+D.
- 3)** Sentar as bases dun sistema ciencia-tecnoloxía na eurorrexión, particularmente nas áreas do automóbil e o dominio do mar.
- 4)** Facilitar a transferencia tecnolóxica (colaboracións universidade-empresa).
- 5)** Modernización da estrutura produtiva.
- 6)** Fomentar os servizos intensivos en coñecemento como factores chave de crecemento.
- 7)** Reforzar a internacionalización das empresas, particularmente

PEMES.

- 8) Potenciar a mobilidade do capital humano.
- 9) Valorar o papel de sistema urbano da eurorrexión como factor de competitividade.

## 5.2. EIXE 2. MEDIO NATURAL, PATRIMONIO E PREVENCIÓN DE RISCOS

O importante desenvolvemento económico experimentado pola área de cooperación nos últimos anos demanda un aumento significativo de enerxía, infraestruturas, consumo de recursos e xestión de residuos. Neste contexto, a zona Galicia-Norte de Portugal mantén o seu reto de aproveitar os recursos existentes sen poñer en perigo o desenvolvemento económico e social da área.

Para isto, o establecemento dun modelo de **desenvolvemento sustentable que aposte pola xestión, potenciación e seguimento conxunto dos recursos ambientais paisaxísticos, culturais e turísticos comúns das áreas protexidas da Eurorrexión** convértese nunha liña de actuación prioritaria para o presente Plan.

Os problemas ambientais non teñen solucións únicas nin inmediatas, forman parte dun lento pero esencial proceso cuxa finalidade é estruturar e harmonizar os territorios transfronteirizos das comunidades territoriais da Uniminho e das Comunidades Territoriais dos Vales do Lima, do Cávado e do Tâmega.

Preténdese que estes territorios concentren os seus esforzos na protección e conservación conxunta dos seus recursos naturais comúns existentes, potenciando a súa capilaridade existente, ben que infraestruturada actualmente. En consecuencia, a exploración, baixo unha perspectiva de competitividade territorial, de novas sinerxías do patrimonio natural e cultural convértese nun aspecto clave para desenvolver. Así mesmo, esta combinación permitirá apostar por novos produtos turísticos susceptibles de valorar e orientados cara ao establecemento dun modelo sustentable de desenvolvemento para a eurorrexión.

Neste sentido, este eixe dálles prioridade ás iniciativas e aos proxectos que integren unha combinación de recursos utilizando factores competitivos comúns e impliquen ás catro comunidades territoriais do espazo transfronteirizo. Así mesmo, esta liña de acción prioritaria deberá ter en

conta as experiencias adquiridas e os resultados obtidos da cooperación, por exemplo, do Eixo Atlántico no campo do turismo.

Particularmente, a valoración das rías galegas e dos esteiros do Norte de Portugal asume un significativo protagonismo dentro deste eixe, ao se trataren de ecosistemas naturais ameazados pola actual ordenación territorial e a súa evolución.

Os obxectivos específicos para este Eixe 2, *Medio natural, patrimonio e xestión de riscos* son:

#### Obxectivos específicos do Eixe 2.

- 1) Planificación e xestión das bacías hidrográficas comúns.
- 2) Mellorar a eficiencia enerxética e o aforro de recursos naturais.
- 3) Protexer e conservar o patrimonio natural da eurorrexión.
- 4) Previr catástrofes naturais e riscos ambientais como os incendios.
- 5) Promover innovacións ambientais.
- 6) Apoio á valoración dos recursos endóxenos e á diversificación económica das zonas rurais
- 7) Mellorar mercados dos espazos transfronteirizos como destinos turísticos cualificados.

### 5.3. EIXE 3. ORDENACIÓN DO TERRITORIO E ACCESIBILIDADE.

Este eixe de intervención aglutina dous ámbitos de actuación que se complementan e reforzan mutuamente. Por un lado, as intervencións dirixidas a potenciar unha planificación e ordenación do territorio da eurorrexión sustentable, e por outro, aquelas que permitan mellorar conectividade interna da zona, prestando unha especial atención ás diferentes modalidades de transportes. Así mesmo, para este período o transporte metropolitano adquire un protagonismo relevante.

Neste sentido, unha ordenación do territorio integrada debe reforzarse mediante o apoio ás redes de comunicación entre os núcleos urbanos e rurais. Para isto establécese como liña de actuación prioritaria: ***a promoción e integración de iniciativas de valoración da cooperación entre o mundo rural e o sistema urbano das dúas rexións, consecuencia das novas tendencias da política de desenvolvemento rural.***

O territorio conxunto Galicia - Norte de Portugal presenta problemas significativos de dualismo socio-territorial, sendo esencial definir as

condicións necesarias para lograr unha maior cohesión das zonas do interior da Eurorrexión GNP respecto das costeiras, así como para potenciar a absorción dos efectos positivos que o eixe interrexional Vigo-Pontevedra-Valença-Braga-Porto e as súas áreas de influencia en torno ao IC-1 (Valença-V.N. Cerveira-Caminha-Viana do Castelo-Esposende-Porto) puidera transmitir.

Neste sentido, esta liña de actuación prestará unha especial atención a reforzar a cooperación do interior do espazo transfronteirizo integrado polo eixo Lugo-Ourense-Chaves-Bragança-Vila Real-Régua.. Por iso, a nova xeración de proxectos debe xirar en torno á cooperación entre as cidades e as súas institucións con maior representatividade co mundo rural e as súas áreas de influencia, proxectos de cooperación urbano-rural, concentrando os esforzos naqueles que garanten unha maior facilidade de reprodución noutros escenarios ou presenten un maior número de sinerxías ou complementariedades para a zona.

A loxística está chamada a desempeñar no futuro un papel de primeiro orde, dada a posición xeoestratéxica da Eurorrexión con relación as principais fluxos de comercio mundial. A existencia de importantes actuacións neste dominio: Porriño, PLISAN en Salvaterra, Valença ou Chaves, ofrece unha gran oportunidade para consolidar a cooperación e o desenvolvemento destas infraestrcturas estratéxicas, así como na construción dunha verdadeira rede, que amplie o seu ámbito tamén ao campo do coñecemento coa incorporación das empresas e as universidades.

Esta cooperación non só implica unha transferencia do coñecemento existente nas institucións universitarias ou de investigación asociadas ás principais cidades senón tamén outras funcións tales como mercadotecnia, distribución e comercialización de produtos, organización de produtos turísticos, dinamización cultural en medios rurais ou valoración do mundo rural en procesos de internacionalización

En consecuencia, os obxectivos específicos do Eixe 3, Ordenación do territorio e accesibilidade son:

#### **Obxectivos específicos do Eixe 3.**

- 1)** Fomentar un urbanismo sustentable.
- 2)** Definir sistemas baseados na loxística, na intermodalidade e

coordinación dos distintos modos de transporte..

- 3) Potenciar o transporte por ferrocarril.
- 4) Reforzar o transporte metropolitano na eurorrexión.
- 5) Potenciar o uso das enerxías renovables

#### 5.4. EIXE 4. INTEGRACIÓN SOCIOECONÓMICA E INSTITUCIONAL.

O presente Plan pretende ***potenciar a dimensión cultural do proceso de cooperación como estratexia de inclusión entre as poboacións e institucións rexionais e reforzar as súas identidades na construción da eurorrexión.***

As diferentes experiencias adquiridas da cooperación transfronteiriza e interrexional constatan que a proximidade cultural existente, así como os sólidos vínculos do espazo transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, constitúen un factor importante de panca de valor e dinamizador na eurorrexión, fundamentais para desenvolver e potenciar

Neste sentido, preténdese aproveitar esta proximidade cultural para xerar as condicións adecuadas que permitan a elaboración de solucións innovadoras en materia de goberno dos procesos de desenvolvemento local na eurorrexión.

Outra das liñas de actuación prioritarias para desenvolver neste eixe é a ***creación, estruturación e promoción de entidades susceptibles de asumiren e dinamizaren a cooperación transfronteiriza, de maneira que poidan mellorar a capacidade institucional deseñada para o efecto.***

Esta liña de acción ten como eixe central a creación dunha Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza (AECT) e o impulso do seu papel como instrumento catalizador do novo sistema de coordinación e xestión conxunta da cooperación transfronteiriza.

A xestión e funcionamento da futura AECT considérase un medio esencial para reforzar a capacidade das institucións do espazo transfronteirizo, tales como comunidades territoriais ou Eixo Atlántico, promover proxectos de maior calidade, cun compoñente de cooperación máis estratéxico e unha orientación cara á xestión conxunta.

En consecuencia, esta liña de actuación convértese en peza clave de reforzo das políticas e instrumentos de ordenación territorial e frea os posibles estrangulamentos existentes en termos de mobilidade e capilaridade e de loxística.

De maneira xeral, preténdese apoiar intervencións prolongadas no tempo, compostas por unha pluralidade de proxectos cuxa realización involucra unha diversidade de institucións e comporta un cambio profundo da estratexia ou do proceso de cooperación. A este respecto, debe destacarse que esta eurorrexión carece dunha dinámica institucional consolidada.

Así, os obxectivos específicos do Eixe 4, Integración socioeconómica e institucional

#### **Obxectivos específicos do Eixe 4.**

- 1)** Promover e desenvolver medidas encamiñadas a facilitar o acceso a servizos xerais de interese social: educación, sanidade, conciliación, etc.
- 2)** Desenvolver servizos comúns na eurorrexión.
- 3)** Promover unha maior integración cultural e social entre as poboacións transfronteirizas.
- 4)** Crear instrumentos de xestión da cooperación de segunda xeración.

A seguinte táboa reflicte a coherencia e adecuación das prioridades definidas para a zona transfronteiriza galega e a do Norte de Portugal.

#### **5.5. EIXE 5. ASISTENCIA TÉCNICA.**

Este eixe ten a finalidade de financiar as actividades necesarias para unha boa xestión da programación e para o seguimento e control das actuacións. Así mesmo, inclúense actuacións dirixidas a dar resposta ás necesidades de información e publicidade do Plan Estratégico de Cooperación Galicia-Norte de Portugal, así como á celebración de seminarios e a realización das avaliacións externas correspondentes. Neste sentido, os seus obxectivos son

- ✓ Apoiar a xestión dos programas operativos. Esta medida instrumentase para dar soporte á xestión do Plan Estratégico de Cooperación co obxecto de mellorar a eficiencia do propio Plan e dotar de valor engadido ás actuacións que se desenvolvan. Para isto prevese a realización das seguintes actuacións:



- Xestión, posta en marcha, seguimento, avaliación e control do Plan.
  - Accións de información e publicidade, estudos, seminarios e avaliacións externas.
  - Formación de xestores.
- ✓ Avaliar e realizar estudos. Información e comunicación: esta medida ten previsto ofrecer asistencia técnica ao propio Plan Estratégico. Dentro do seu marco, destaca a realización das seguintes actuacións:
- Avaliacións, estudos e campañas de publicidade, conferencias e seminarios, etc.
- ✓ Contribuír a financiar a infraestrutura administrativa da futura AECT.

## 6. Plan de financiamento

A continuación preséntase o marco financeiro da **Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal** dentro do contexto do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal. É evidente que o contraste na ambición dos obxectivos e a dispoñibilidade das axudas financeiras procedentes da UE, require dun esforzo suplementario por parte de ambas as administracións. O logro dunha boa parte destes obxectivos só se poderá facer sempre e cando este plan de financiamento se complementa con recursos procedentes dos restantes Fondos Europeos ou instrumentos de inxeniería financeira (FEDER, FSE, FONDO DE COHESION; JESSICA, JEREMIE ou JASPERS, etc) .

## 6.1. SENDA FINANCEIRA ANUALIZADA

Táboa 15. Plan financeiro do Plan Estratégico de Cooperación Transfronteiriza de Galicia-Norte de Portugal por anos: España + Portugal.

Plan financeiro Portugal	Anos	Custo Total	Participación pública							
			FEDER			Nacional				
			Central	Rexional	Total	Total	Central (*)	Rexional	Local	Outros
	2007	14.213.914	3.969.832	6.754.262	10.724.094	3.489.819	1.292.893	2.196.927		
	2008	13.518.343	3.719.364	6.481.606	10.200.970	3.317.373	1.209.203	2.108.170		
	2009	13.568.614	3.722.194	6.517.037	10.239.231	3.329.383	1.209.703	2.119.680		
	2010	13.641.506	3.726.297	6.568.412	10.294.709	3.346.797	1.210.427	2.136.370		
	2011	13.714.399	3.730.400	6.619.787	10.350.188	3.364.211	1.211.151	2.153.060		
	2012	13.764.669	3.733.230	6.655.218	10.388.449	3.376.221	1.211.650	2.164.570		
	2013	14.533.132	3.987.802	6.979.249	10.967.052	3.566.081	1.296.064	2.270.017		
	<b>Total</b>	<b>96.954.577</b>	<b>26.589.120</b>	<b>46.575.571</b>	<b>73.164.691</b>	<b>23.789.886</b>	<b>8.641.091</b>	<b>15.148.795</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

## 6.2. DISTRIBUCIÓN POR EIXES PRIORITARIOS E FONTES DE FINANCIAMENTO

Táboa 16. Plan financeiro do Plan Estratégico de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal por eixes prioritarios

Plan financeiro Galicia-Norte de Portugal. 2007-2013	Eixes	Custo Total	Participación pública								
			FEDER				Nacional				
			Central	Rexional	Total	%	Total	Central (*)	Rexional	Local	Outros
	Cooperación e xestión conxunta para o fomento da competitividade e a promoción do emprego	28.942.286	5.919.215	15.787.499	21.706.714	30%	7.235.571	1.973.072	5.262.500		
	Cooperación e xestión conxunta en medio natural, patrimonio e prevención de riscos	36.551.943	11.835.151	15.578.806	27.413.957	37%	9.137.986	3.945.050	5.192.935		
	Cooperación e xestión conxunta en ordenación do territorio e accesibilidade	18.051.909	5.387.278	8.151.654	13.538.932	19%	4.512.977	1.795.759	2.717.218		
	Cooperación e xestión conxunta para a integración socioeconómica e institucional	8.920.852	2.032.551	4.658.088	6.690.639	9%	2.230.213	677.517	1.552.696		
	Cooperación e xestión conxunta na asistencia técnica ao proceso de cooperación transfronteiriza	4.487.587	1.414.925	2.399.524	3.814.449	5%	673.138	249.693	423.445		
	<b>Total</b>	<b>96.954.577</b>	<b>26.589.120</b>	<b>46.575.571</b>	<b>73.164.691</b>	<b>100%</b>	<b>23.789.886</b>	<b>8.641.091</b>	<b>15.148.795</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

## 7.- Galicia-Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial (GNP-AECT).

O presente Plan substancia a consolidación da experiencia adquirida durante o período 2000-2006 en proxectos de cooperación transfronteiriza entre Galicia e a Rexión Norte de Portugal, ademais do avance na dita cooperación, de conformidade coas orientacións establecidas no *Terceiro*

*informe intermedio sobre a cohesión: cara a unha nova colaboración para o crecemento, o emprego e a cohesión [COM(2005) 192] e na Comunicación da Comisión “Política de Cohesión en apoio do crecemento e o emprego: Directrices estratéxicas comunitarias 2007-2013” [COM(2005) 299].*

Ambos os documentos salientan a importancia de considerar a dimensión territorial da política de cohesión, promovendo unha cooperación transfronteiriza máis estreita entre as rexións da Unión Europea, coa finalidade de acelerar o desenvolvemento económico e lograr un maior crecemento, dado que *“as fronteiras da Unión Europea son con frecuencia un obstáculo para o territorio europeo no seu conxunto e poden limitar a súa competitividade”*. Para iso, a cooperación transfronteiriza en Europa ten por obxectivo último consolidar a interpenetración das rexións fronteirizas, afrontando problemas comúns que exixen solucións comúns.

Neste sentido, o Regulamento (CE) N<sup>o</sup> 1083/2006, do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) N<sup>o</sup> 1260/1999, no seu artigo 7.1, parágrafo primeiro, establece que *“Para efectos da cooperación transfronteiriza, poderán beneficiarse de financiamento as rexións de nivel NUTS 3 da Comunidade situadas ao longo de todas as fronteiras terrestres interiores (...)”*. Así mesmo, este regulamento prevé a posta en marcha de plans estratéxicos, destinados a favorecer a cooperación entre as rexións fronteirizas, no marco dos novos programas de cooperación territorial.

Así o Regulamento 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo que se derroga o Regulamento (CE) N<sup>o</sup> 1783/1999, recolle no seu artigo 18 un mecanismo legal e administrativo que facilita o máis perfecto engrenaxe entre a autoridade de xestión e a Secretaría Técnica Conxunta (STC) do programa operativo cos protagonistas por excelencia da cooperación rexional transfronteiriza, que non son outros que as mesmas rexións, recorrendo á técnica da delegación na responsabilidade da xestión. É a través deste mecanismo como as rexións implicadas poden desenvolver auténticas economías de escala, sen atrancos burocráticos nin desbarate de medios.

O dispositivo regulamentario previsto polo lexislador comunitario para o novo setenio de Fondos Estruturais (2007-2013) integra, ademais, un novo instrumento xurídico, de enorme importancia para o desenvolvemento da cooperación territorial entre rexións europeas, sobre a base de estruturas comúns e compartidas. Trátase da devandita Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), creada e regulada polo Regulamento (CE) nº 1082/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, regulamento que, á súa vez, introduce no ordenamento dos Estados membros unha novidosa entidade xurídica dotada de personalidade propia.

A este respecto, convén recordar que segundo o parágrafo segundo do artigo 249 TCE (antigo artigo 189) “*O regulamento terá un alcance xeral. Será obrigatorio en todos os seus elementos e directamente aplicable en cada Estado membro*”.

Achámonos, pois, ante unha institución de nova planta, proposta e impulsada pola Comisión, e formalmente instaurada nos nosos respectivos ordenamentos xurídicos polo Parlamento Europeo e o Consello. En consecuencia, tanto a *mens legislatoris*, como a *mens legis* e a letra da norma son claras e inequívocas: a AECT é unha ferramenta xurídica, promovida *ad hoc*, para optimizar a xestión duns recursos financeiros limitados e de procedencia comunitaria.

A razón de innovar o ordenamento comunitario coa introdución dunha nova modalidade de persoa xurídica resulta ben obvia. Trátase de idear e xerar comunmente as iniciativas e os proxectos, non de encaixar ou superpor iniciativas e proxectos previamente ideados e xerados por separado. Neste sentido, a AECT está chamada a revolucionar os procesos de traballo das administracións públicas implicadas, pero tamén –e sobre todo– dos restantes actores da cooperación. Dito noutros termos, a AECT eríxese en requisito *sine qua non* dunha máis avanzada cooperación, unha cooperación de segunda xeración.

En suma, a AECT promovida pola Xunta de Galicia e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR-N) é a máis firme garantía de que o Plan Estratégico de Cooperación se materialice e que, ademais, o faga mellorando os índices de eficacia administrativa e, sobre todo, de eficiencia socioeconómica.

Ao respecto, o Acordo ratificado o 18 de novembro de 2006 en Vigo, entre os presidentes da CCDR-N e a Xunta de Galicia, permite avanzar significativamente na aproveitamento das potencialidades que esta ferramenta xurídica posibilitará. A diferenza da gran maioría dos espazos transfronteirizos da Unión Europea, Galicia e a Rexión Norte de Portugal foron capaces de detallar o convenio e os estatutos reguladores de “*Galicia-Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial (GNP, AECT)*”. Ademais, estes documentos xa foron remitidos aos respectivos Gobernos nacionais para a súa ulterior tramitación e, no caso concreto de España, o pasado mes de febreiro obtívose a autorización legal, con independencia de que os diversos ministerios implicados ultimen as normas precisas de desenvolvemento administrativo do Regulamento (CE) 1082/2006.

Deste modo, tan pronto como conclúan os procedementos interno de autorización de ambos países, *GNP, AECT* poderá quedar efectivamente constituída e iniciar as súas actuacións, con bastante antelación a que o fagan outros actores análogos na Unión.

Así as cousas, *GNP, AECT* está chamada a garantir a coherencia e coordinación de todas as iniciativas e subseguintes proxectos que se remitan á Secretaría Técnica Conxunta (STC) do Programa Operativo Hispano-Portugués, participando en todas as fases da vida dos proxectos, desde a súa elección ata o control de execución, pasando pola presentación e negociación coa STC. É así que *GNP, AECT* deberá velar pola idoneidade

dos traballos de hipotéticas AECTs de menor entidade, que operen sobre o mesmo espazo transfronteirizo no que atinxe á utilización de recursos comunitarios porque, en caso contrario, o obxectivo de optimización socioeconómica quedaría seriamente ameazado. Esta obriga trae a súa causa xurídica da contraída no *Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2007-2013*, en cuxa epígrafe 10.3.2 (Comités territoriais) se establece o principio de unicidade por área de cooperación territorial.

O convenio constitutivo de *GNP, AECT* resulta concluínte para comprender a racionalidade económica que alcanzará esta institución, non en van na súa cláusula II se dispón: “*GNP, AECT, de conformidade co artigo 1 do Regulamento AECT, terá por obxectivo facilitar e fomentar a cooperación territorial entre os seus membros, isto é, entre a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR-N) e a Xunta de Galicia, co fin exclusivo de reforzar a cohesión económica e social.*”

En definitiva, con esta arquitectura xurídico-administrativa, os resultados que deriven da aplicación dos recursos comunitarios ao final do setenio terán que ofrecer uns índices de eficiencia superiores aos obtidos cos escenarios financeiros plurianuais precedentes.